

PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONES

2020 - 2022



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)			
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	1/74	

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÒN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)			
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	2/74	

INDICE

	Pág.
1. INTRODUCCIÓN	5
1.1 – ANTECEDENTES	5
1.2 – LIÑAS XERAIS	5
 2. NATUREZA E FINALIDADE	 7
2.1 – NATUREZA	7
2.2 – FINALIDADE	7
 3. VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN	 8
3.1 – VIXENCIA	8
3.2 – ACTUALIZACIÓN	8
 4. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO: DETERMINACIÓNS XERAIS	 8
 5. APROBACIÓN E PUBLICIDADE	 9
5.1 – APROBACIÓN	9
5.2 – PUBLICIDADE	9
 6. CONTIDO DO PES	 10
6.1 – FUNDAMENTO NORMATIVO	10
6.2 – PRINCIPIOS BÁSICOS	10
6.3 – EXCLUSIÓNS DO PES	12
6.4 – ESQUEMA XERAL SOBRE O CONTIDO DO PES	13
6.4.1 – OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS XERAIS	14
6.4.2 – IMPACTO DOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS XERAIS	15
6.4.3 – LIÑAS DE SUBVENCIÓN POR ÁREAS	15
1) ÁREA DE PRESIDENCIA	17
• LIÑA 1.1 – XERACIÓN DE RIQUEZA	17
• LIÑA 1.2 – INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS	20
2) ÁREA DE XESTIÓN TERRITORIAL	22
3) ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO	23
• LIÑA 3.1 – TURISMO	23
4) ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL	26
• LIÑA 4.1 – FOMENTO DA PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DE LUGO	26
• LIÑA 4.2 – BENESTAR SOCIAL	30
5) ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS	33

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGCCXJEJ4	Página	3/74





6)	ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ	34
7)	ÁREA DE MULLER E IGUALDADE	35
	• LIÑA 7.1 - PROMOCION DA IGUALDADE	35
8)	ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS	38
	• LIÑA 8.1 - COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, MELLORA DA PRODUTIVIDADE E EMPRENDEMENTO NOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN E NA SÚA CONTORNA.....	38
9)	ÁREA DE FORMACIÓN, ENSINO, E ECONOMÍA DO COÑECEMENTO	40
	• LIÑA 9.1 – EDUCACIÓN, CIENCIA E TECNOLOXÍA	40
10)	ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	42
	• LIÑA 10.1 – MEDIO AMBIENTE	42
	• LIÑA 10.2 - RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO	44
	• LIÑA 10.3 - RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ	47
11)	ÁREA DE RECURSOS SOSTIBLES	50
	• LIÑA 11.1 – RECURSOS SOSTIBLES	50
12)	ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA	52
	• LIÑA 12.1 – DEPORTES	52
	• LIÑA 12.2 – ARTESANÍA E DESEÑO	55
13)	ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE	57
	• LIÑA 13.1 – AGRICULTURA, GANDEIRÍA E PESCA	57
	• LIÑA 13.2 – MOCIDADE	62
14)	ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	65
	• LIÑA 14.1 – CULTURA	65
7.	SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN CONTINUA	68
7.1	– RESULTADO DA AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DE EXERCICIOS ECONÓMICOS PRECEDENTES	68
8.	SUBVENCIONS DE CARÁCTER PLURIANUAL	68
9.	CALENDARIO DE ACTUACIONS	68
9.1	– CALENDARIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS	68
9.2	– CALENDARIO PARA A XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS	69
9.3	– CALENDARIO PARA REALIZAR OS ANTICIPOS E PAGOS DE SUBVENCIONS	69
9.4	– CALENDARIO PARA A AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS	69

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXEJ4	Página	4/74





10. MECANISMOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN	69
10.1 – MECANISMOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN	69
10.2 – PLAN DE AUDITORÍA	70
11. BENEFICIARIOS DAS SUBVENCÍONS	70
12. DETERMINACIÓNS SOBRE CONTÍAS DAS SUBVENCÍONS CON CARGO A ESTE PLAN ESTRATÉXICO	71
12.1 – IMPORTE MÍNIMO NA CONTÍA DA SUBVENCIÓN	71
12.2 – FONTES E LÍMITES NO FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE OU INVESTIMENTO	71
13. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS	71
13.1 – LÍMITE NA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EXCEPCIONAIS	71
14. CRITERIOS PARA AMPLIACIÓN DO PLAN	73
15. APLICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO AOS ORGANISMOS E ENTIDADES DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN	73
16. INCORPORACIÓN DE ANEXOS	73

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	5/74



1 – INTRODUCCIÓN

1.1 - ANTECEDENTES

A Deputación Provincial de Lugo veu aprobando nos últimos anos Plans estratéxicos de subvencións con diferentes períodos de vixencia, sendo as súas referencias as seguintes:

- Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2005-2007.
- Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2008.
- Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2009, aprobado por acordo plenario do 27 de xaneiro de 2009, e modificado por acordo do mesmo órgano o 28 de xullo de 2009.
- Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2010, aprobado por acordo plenario do 26 de xaneiro de 2010.
- Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2011.
- Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2012.
- Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2013.
- Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2014.
- Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2015.
- Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2015, prorrogado para o ano 2016, por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de xullo de 2016.
- Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, para o período 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno na data do 23 de xuño de 2017.
- Actualización do Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 para o ano 2018, aprobado por acordo da Xunta de Goberno na data do 16 de marzo de 2018.
- Actualización do Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 para o ano 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno na data do 8 de febreiro de 2019.

Unha vez que o Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 deixou de estar vixente, e trala aprobación definitiva do Orzamento Xeral desta Deputación Provincial para o ano 2020 (publicado no BOP de Lugo núm. 003 do 4 de xaneiro de 2020); faise preciso elaborar un novo Plan Estratéxico de Subvencións para os vindeiros anos, no que se plasme a planificación e xestión das políticas públicas de fomento, de carácter programático, que se pretenden desenvolver por esta Deputación Provincial, e que deben ser acordos cos créditos dispoñibles en cada anualidade.

1.2 - LIÑAS XERAIS

O presente documento contén o Plan Estratéxico de Subvencións (en diante PES) da Excm. Deputación Provincial de Lugo para o período 2020-2022, dando así cumprimento ao establecido na normativa de aplicación. En concreto, a normativa que lle afecta é a seguinte:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP de Lugo núm. 53, do 7 de marzo de 2005), e a súa modificación (publicada no BOP de Lugo núm. 160, do 13 de xullo de 2006).

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Página	6/74



A Deputación Provincial de Lugo, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ten, entre outras, a competencia de "(...) d) *Cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.*

O Artigo 109.1, letra d) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece como competencias das Deputacións "*En xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia*".

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.3 determina que: "3. *En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

(...)

b) *A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*

(.....)

d) *A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas, e outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención.*

e) *As obras, servizos, axudas, adquisicións ou subministracións de emerxencia, por mor de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública.*

(...)

h) *Os premios que se outorguen sen solicitude previa do beneficiario.*

Para levar a cabo esta competencia, a Deputación Provincial utiliza o instrumento das subvencións, como unha técnica de fomento de determinados comportamentos, considerados de interese xeral, para o desenvolvemento de actividades de interese público da provincia.

O marco normativo actual regulador das subvencións, condicionado polos principios da estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas, establece a transparencia como un dos piares fundamentais das mesmas, o que redundará de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.

Neste escenario, establécese a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que con carácter previo ao nacemento das subvencións, e de forma plurianual, fixe unha conexión entre os obxectivos e os efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento; coa finalidade de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións, coas previsións de recursos dispoñibles, e fixando mecanismos de avaliación.

En efecto, establécese tamén un sistema de seguimento a través do control e avaliación dos obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non acaden o nivel de consecución dos obxectivos desexados ou que non resulte adecuado ao nivel de recursos invertidos, poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes, ou, no seu caso, eliminadas. Así, neste sentido, o artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que "*os órganos das Administracións públicas ou calquera ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria*".

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXEJ4	Página	7/74



O artigo 11.4 do R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece que *"os plans estratéxicos conterán previsións para un periodo de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente"*.

Polo tanto, para dar cumprimento á citada normativa xeral, elabórase o presente PES da Deputación Provincial de Lugo para as anualidades 2020, 2021 e 2022.

A Deputación Provincial de Lugo xa contaba con un Plan Estratéxico de Subvencións (PES 2017-2019), en vigor ata o final do ano 2019, e que foi aprobado pola Xunta de Goberno o 3 de xuño de 2017.

Tendo en conta que este último PES (2017-2019) deixou de estar vixente unha vez finalizada a anualidade 2019, unido ao feito da entrada en vigor do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, xunto coas súas bases de execución (a partir da publicación da súa aprobación definitiva no BOP número 003, do 4 de xaneiro de 2020), fai necesaria a elaboración dun novo Plan Estratéxico de Subvencións actualizado, no que se reflectan as liñas estratéxicas de subvencións das distintas áreas de goberno desta Deputación Provincial para os vindeiros anos, e no que se teñan en conta as circunstancias actuais, así como os informes de avaliación do PES precedente e as liñas xerais de actuación do ente provincial, mantendo e ampliando aquelas liñas que contribuíron á consecución dos obxectivos, e eliminando aquelas outras que non acadaron os obxectivos perseguidos; permanecendo a obriga de efectuar nas liñas un control ou seguimento do grao de cumprimento dos obxectivos.

2 - NATUREZA E FINALIDADE

2.1 - NATUREZA

Este Plan Estratéxico de Subvencións concíbese como un instrumento de planificación e xestión das políticas públicas de fomento de carácter programático, polo que se considera ademais, unha ferramenta de gran utilidade para garantir a coherencia interna na actuación económica, e lograr así a coordinación da acción pública de fomento desta Deputación Provincial con outras administracións, e sobre todo, co tecido social e económico da Provincia. Con elo, preténdese dar respostas ás esixencias constitucionais dunha xestión eficiente e eficaz dos recursos públicos, coherente, polo tanto, co resto de ferramentas de programación e planificación orzamentaria que se poidan aprobar.

Trátase dun instrumento que carece de rango normativo, polo que non ten incidencia directa na esfera dos potenciais beneficiarios de subvencións, de forma que, por sí mesmo, non crea dereitos nin obrigas para estes; non obstante, supón unha vinculación para a Deputación Provincial, no sentido de excluír a concesión de subvencións para liñas de acción que non estean previstas no mesmo, salvo que sexa obxecto de modificación.

2.2 – FINALIDADE

O presente Plan ten como finalidade seleccionar as mellores políticas públicas de fomento, e a eficiencia na utilización do gasto público por parte da Deputación Provincial de Lugo, respectando as limitacións derivadas do principio de estabilidade orzamentaria; de forma que permita racionalizar a acción de fomento e que se poida seguir mantendo, e se rendibilicen os recursos, por definición limitados, mediante criterios eficaces, e que redunden nun maior beneficio para toda a provincia de Lugo.

A través do mesmo, preténdese apoiar e coordinar a cobertura de necesidades dos veciños da provincia de Lugo, relacionadas cos eixos xerais de actuación prioritarios para esta Deputación Provincial como son, a cohesión social, o equilibrio territorial e o impulso da economía e o emprego, contribuíndo a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas da provincia de Lugo, e axudando a combater a grave caída demográfica que estamos a sufrir. É dicir, trátase de potenciar as liñas de actuación referidas a políticas sociais, cooperación cos concellos, mellora da rede viaria e o impulso dos sectores produtivos, especialmente o sector primario e o turístico.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJE4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJE4	Página	8/74



A súa efectividade queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvencións, atendendo entre outros condicionantes, ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio, tendo en conta que ditas liñas poden ser eliminadas, modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes durante a vixencia do plan: este non se debe de percibir como un aparello estático, senón dinámico, tomando pulso a vida económica e social da provincia.

3 - VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN

3.1 - VIXENCIA

Tendo en conta o establecido no artigo 11.4 do R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións antes mencionado, o presente PES contén previsións para un período de vixencia de tres anos, incluído o actual, abarcando polo tanto, o período 2020-2022, sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención incluídas no mesmo teñan unha vixencia inferior, tendo en conta que o seu contido debe de ser coherente cos programas plurianuais, e que se axuste ás medidas establecidas para o cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria para cada unha das anualidades.

No suposto de que, concluído o amentado período 2020-2022 non estivese aprobado un novo PES, entenderase prorrogado o presente naquelas liñas de actuación que resulten de continuidade por terse iniciado durante a vixencia deste Plan, e contén con consignación orzamentaria adecuada e suficiente.

3.2 - ACTUALIZACIÓN

En cumprimento do establecido no artigo 14.1 do R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, anualmente procederase á actualización dos plans incluídos neste PES, de acordo coa información relevante dispoñible, de forma que en cada anualidade, tras analizar os informes de seguimento, e tendo sempre en conta as disponibilidades orzamentarias, se poidan modificar, substituír por outras ou eliminarse liñas de subvencións; e sobre todo, precisar as contías, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Dentro de cada unha das liñas, poderá modificarse ou actualizarse calquera aspecto do seu contido, ben sexa motivado polos resultados obtidos dos informes de seguimento sobre a consecución dos obxectivos establecidos ou pola adecuación dos recursos investidos, ou ben por outros motivos debidamente xustificadas. Procurarase, na medida do posible, que tal actualización poida ser aprobada, e en consecuencia que poida entrar en vigor xunto co orzamento de cada anualidade, ao tratarse de dous documentos relacionados. En tanto non se tramite dita actualización, poderán concederse aquelas subvencións que estean dentro dos obxectivos estratéxicos e das liñas contidas no presente PES.

Os acordos de actualización do PES serán adoptados polo mesmo órgano que o aprobe, é dicir, a Xunta de Goberno.

4 - AVALIACIÓN E SEGUIMENTO: DETERMINACIÓNS XERAIS

Para cada unha das distintas liñas de subvención que se inclúen no presente PES, poden especificarse indicadores específicos referentes ao nivel de cumprimento dos seus obxectivos, que serán medibles, e recollese de forma periódica polos responsables do seu seguimento, de modo que se poida coñecer o grado de cumprimento dos mesmos.

En defecto doutros indicadores específicos establecidos no programa de cada liña, utilizaranse os seguintes indicadores xerais para a avaliación das subvencións incluídas no presente PES:

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	9/74



1. Número de solicitudes de subvención.
2. Porcentaxe das subvencións executadas: importe das subvencións concedidas e xustificadas.
3. Recursos económicos destinados á finalidade, en termos monetarios absolutos e en porcentaxe, respecto do total anual.
4. Número de actuacións desenvolvidas.
5. Número de beneficiarios.
6. Cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas.
7. Número de subvencións concedidas e porcentaxe en relación ao total das solicitudes.
8. Impacto económico das medidas de fomento, en tanto que se poidan tomar indicadores para medilo.
9. Impacto de xénero, consonte aos mandatos da Lei orgánica de igualdade 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de homes e mulleres, especialmente nas medidas de fomento acaídas, en atención aos destinatarios ou aos fins de interese público promocionados.
10. Impacto social en colectivos especialmente necesitados: maiores, infancia, xuventude, con capacidades diferentes, en exclusión social, etc., en particular atendendo á tipoloxía dos destinatarios ou a natureza da acción promocional.

5 - APROBACIÓN E PUBLICIDADE

5.1 - APROBACIÓN

En canto ao órgano competente para a súa aprobación, a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación provincial (publicada no BOP de Lugo núm. 53 do 7 de marzo de 2005 e a súa modificación publicada no BOP de Lugo núm. 160 do 13 de xullo de 2006), na súa disposición adicional segunda establece que, “*será competente para a aprobación do Plan Estratégico do artigo 8 da Lei de Subvencións, a Xunta de Goberno, sen prexuízo das delegacións que se confiran*”.

En canto aos acordos de actualización do PES, serán tamén adoptados pola Xunta de Goberno.

5.2 - PUBLICIDADE

Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno o presente PES e as súas actualizacións, deberá darse publicidade do mesmo, dando comunicación aos centros xestores, tanto do acordo de aprobación coma do texto íntegro.

Cumprindo co principio de transparencia (artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno), este PES, así como as actualizacións e informes anuais de avaliación que se realicen do mesmo, serán publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo, aplicándolle calquera outra disposición en materia de información e transparencia establecida na lexislación vixente en cada momento.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	10/74



6 – CONTIDO DO PES

6.1 - FUNDAMENTO NORMATIVO

En canto ao contido deste plan estratéxico, o artigo 12 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece:

“1. Os plans estratéxicos terán o seguinte contido:

- a) *Obxectivos estratéxicos, que describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que deben de estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten ao mercado, deberánse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións.*
- b) *Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán explicitarse os seguintes aspectos:*
 - 1.º *Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.*
 - 2.º *Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.*
 - 3.º *Prazo necesario para a súa consecución.*
 - 4.º *Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.*
 - 5.º *Plan de acción, no que concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras da concesión ás que se fai referencia no artigo 9 da Lei Xeral de Subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión.*
- c) *Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. A estes efectos, deberánse determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.*
- d) *Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.”*

No punto 2 establécese a posibilidade de que o contido do plan estratéxico se reduza á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiación en determinados casos. Neste caso, o PES non utiliza o contido reducido.

“3. Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigacións; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.”

6.2 - PRINCIPIOS BÁSICOS

A normativa vixente que regula a actuación das Administracións Públicas, especialmente a referida ás competencias das Deputacións provinciais, establece un conxunto de principios que constitúen a expresión formal dos elementos definidores do PES, a formulación das directrices xerais que se debe seguir na execución da política de subvencións, así como o enunciado das liñas reitoras ás que se deben axustar as actuacións dos poderes públicos. En aplicación dos mesmos, os principios sobre os que se sustenta a acción subvencional desta Deputación Provincial, e que se establecen no presente PES son os seguintes:

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Página	11/74



- a) *Publicidade e concorrencia*: mediante convocatoria previa, na que se garanta a concorrencia e igualdade na distribución dos fondos públicos, sen prexuízo da súa concesión de forma directa que, de conformidade coa normativa aplicable, deberá contar con carácter previo coas debidas dispoñibilidades orzamentarias.
- b) *Obxectividade* no proceso de asignación dos fondos públicos.
- c) *Igualdade e non discriminación*, respecto dos posibles beneficiarios.
- d) *Transparencia* no proceso de asignación dos recursos. Mellorar o coñecemento e a comunicación tanto interna, como externa, da acción pública provincial en materia de subvencións, como retos para a mellora da calidade e a transparencia.
- e) *Eficacia* no cumprimento dos obxectivos, co establecemento de procedementos de seguimento e control das subvencións concedidas.
- f) *Eficiencia* na asignación e utilización dos recursos públicos, coa valoración das subvencións e a súa asignación aos proxectos máis eficientes.
- g) *Solidariedade*: redistribución e actuación dos recursos de forma equitativa e con discriminación positiva.
- h) *Universalidade*: servizos dirixidos a todos e non gratificables.
- i) *Globalidade*: integración, coordinación e complementariedade entre todos os servizos e actuacións; superación da actuación fragmentada.
- j) *Planificación*: concretar en unidades de ordenación para garantir unha xestión máis eficaz e áxil, e un bo aproveitamento dos recursos adaptados ás necesidades, cunha regulación homoxénea e coa coordinación dos axentes intervinientes.
- k) *Descentralización*: transferencia de funcións, xestión directa por parte dos propios implicados; achegamento aos cidadáns e simplificación na tramitación administrativa.
- l) *Integración*: permanencia no contorno, inserción na vida cotiá, evitando a segregación.
- m) *Fomento das iniciativas sociais*, outorgando importancia especial á colaboración das entidades privadas na xestión dos intereses que lles son propios.
- n) *Accesibilidade aos servizos*: intentar garantir o acceso a todos os servizos, especialmente dende a estrutura máis próxima aos cidadáns.
- o) *Atención integral*: coordinar as actuacións simultáneas ou sucesivas dos diferentes sistemas e servizos, prestando atención técnica profesionalizada.
- p) *Integralidade do sistema de subvencións*: conlevar a integración dos sectores e a organización integrada dos recursos públicos e privados.
- q) *Compatibilidade entre integralidade e estruturación territorial*: buscar unidades de referencia de ámbito xeográfico – territorial, de carácter instrumental, para o coñecemento das necesidades, a asignación dos recursos e a canalización da acción a levar a cabo.
- r) *Distribución equitativa dos recursos*: distribución que se fará tendo sempre presentes criterios de necesidades reais e a consideración de factores económicos, culturais e demográficos, con especial atención á extensión territorial e á dispersión da poboación, así como ao envellecemento da poboación.
- s) *Cooperación entre Administracións*: derivado do principio de corresponsabilidade.
- t) *Colaboración coas entidades privadas*: reforzando a acción pública, que se canalizará no marco da legalidade establecido.
- u) *Coordinación*: suporá a organización e a articulación das accións para garantir maior operatividade, unha xestión eficaz e unitaria, e evitar duplicidades na actuación.
- v) *Garantía de bo funcionamento*: regular e ordenar para establecer os requisitos, os baremos e os procedementos, as cartas de dereitos, as garantías xurídicas, a distribución de responsabilidades e competencias, os mecanismos de coordinación e participación, así como os sistemas de control e avaliación para a adecuación, a calidade, a rendibilidade e a inspección.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Página	12/74



- w) *Cooperación* coas persoas desfavorecidas de calquera parte da terra, afectadas por catástrofes ou calamidades notorias.
- x) Outros, que de maneira transversal, orientan o propio Plan e contribúen á mellora da acción pública local nun sentido xenérico:
 - 1) *Normalización*: Ordear e normalizar a política provincial de axudas e subvencións no marco da Lei Xeral de Subvención e demais normativa de aplicación.
 - 2) *Estabilidade orzamentaria*: Participar con carácter xeral, nas políticas públicas de estabilidade orzamentaria e con carácter particular, adecuar as previsións de gasto anuais aos criterios e directrices establecidos para a elaboración do orzamento da entidade para as distintas anualidades que abrangue o plan.
 - 3) *Sostibilidade financeira*: contribuíndo ao cumprimento de sostibilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, deuda pública e morosidade da débeda comercial, conforme ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Tendo en conta estes principios, a través do presente PES, búscase coherencia das subvencións a conceder por parte desta Deputación Provincial, durante o seu período de vixencia, a actividade das institucións públicas e privadas, e mesmo agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, que poidan ser beneficiarias dunha axuda ou subvención, atendendo aos recursos dispoñibles e as necesidades que se pretenden satisfacer coas mesmas. Para elo, establécense uns eixos de actuación:

- 1) *Vertebración da provincia de Lugo*, facendo especial fincapé nas relacións entre os 67 concellos que a integran, o tecido asociativo existente nos mesmos e as institucións e as Administracións Públicas, que inciden nas relacións sociais, culturais, de promoción económica, etc..
- 2) *Adaptar os recursos existentes ás necesidades*, mediante a diversificación de dispositivos ou a adaptación dos existentes, prestando unha especial atención á prevención e a atención do medio rural.
- 3) *Utilizar a información dispoñible sobre a provincia de Lugo*, obtida a partir do Plan Estratéxico da provincia de Lugo e dos resultados da avaliación do PES 2017-2019, como indicadores das necesidades e dos obxectivos para a provincia.
- 4) *Simplificación administrativa das subvencións*, a través da implantación das novas tecnoloxías neste eido. Todo isto, sen prexuízo da obriga que determinados colectivos teñen de relacionarse con esta Deputación Provincial a través de medios electrónicos, en virtude do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- 5) Respeto aos principios xerais de xestión do gasto, recollidos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

6.3 - EXCLUSIÓNS DO PES

Quedan excluídos do presente PES os seguintes plans ou instrumentos de colaboración:

- 1. Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos, aprobados en anualidades anteriores, así como aqueles outros que os substitúan nos vindeiros exercicios, durante a vixencia do presente PES.
- 2. Convenios de colaboración que se poidan subscribir con Administracións Públicas ou outras entidades públicas ou privadas, para a realización de actuacións ou investimentos que teñan unha finalidade común.
- 3. Os convenios de colaboración plurianuais subscritos con anterioridade á aprobación do presente PES, e que total ou parcialmente se executen e/ou imputen durante o período de vixencia deste plan.
- 4. De acordo coa lexislación en materia de subvencións sobre este asunto, prevista no artigo 1 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, quedarán excluídos tamén:

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	13/74



“

- a) *As aportacións monetarias entre a Deputación de Lugo e outras Administracións e entes públicos, cando a finalidade sexa financiar globalmente actividades dos mesmos, no ámbito da súas competencias.*
- b) *As aportacións da Deputación de Lugo aos seus organismos públicos e outros entes dependentes de dereito privado, cando a finalidade sexa financiar globalmente a actividade de cada ente, no ámbito propio das súas competencias.*
- c) *As aportacións de diñeiro a fundacións e consorcios nos que participe a Deputación, así como as cotas ás asociacións ás que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*
- d) *As aportacións orzamentarias aos grupos políticos provinciais e outras de natureza similar.*
- e) *As aportacións e gastos correspondentes aos órganos de representación do persoal desta Deputación.*
- f) *Os premios e becas que outorgue a Deputación.*
- g) *As axudas outorgadas directamente para satisfacer necesidades perentorias, coa finalidade de atender problemas de carácter social.*
- h) *Aquelas outras que dispoñan, no seu caso, as bases de execución do orzamento.”*

6.4 – ESQUEMA XERAL SOBRE O CONTIDO DO PES

O presente PES, cumprindo co establecido no artigo 12 do R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ten o seguinte contido:

- 1) **Obxectivos estratéxicos xerais**, nos que se describe o efecto e o impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan, e que están vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios da cada anualidade. No caso en que estes obxectivos afecten ao mercado, identifícanse os fallos que se espera corrixir.
- 2) **Liñas de subvención**, nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención especifícanse os seguintes aspectos:
 1. Áreas de competencia afectadas e sectores cara os que se dirixen as axudas.
 2. Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
 3. Prazo necesario para a súa consecución.
 4. Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento.
 5. Plan de acción, no que se concretan os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, delimitando as liñas básicas que deben conter as bases da convocatoria das subvencións, o calendario de elaboración, e de se-lo caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión.

As liñas de subvención que se inclúen no presente PES enmárcanse dentro da competencia das distintas áreas da Deputación Provincial, conforme a organización político institucional. Non obstante, o relevante e prioritario é o contido obxectivo e/ou material.

- 3) **Réxime de seguimento e avaliación continua**, aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan.

Dentro de cada unha das liñas de subvención establécense uns indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, e que serán recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento para coñecer o estado da situación e os progresos acadados no cumprimento dos respectivos obxectivos. Para aquelas liñas nas que non se especifiquen indicadores de seguimento e avaliación específicos, utilizaranse os indicadores xerais ou ben estes xerais unidos aos específicos (ver Apartado 4 – Avaliación e seguimento: determinacións xerais).

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	14/74



- 4) **Resultados da avaliación dos Plans Estratéxicos de Subvencións anteriores**, que se irán incorporando ao documento, como anexos, a medida que se dispoña da información elaborada.
- 5) A maiores, **previsión de posibles beneficiarios**, en función das liñas.

A continuación desenvólvese as distintas partes que constitúen o presente PES.

6.4.1 - OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS XERAIS

A nivel xeral, os obxectivos estratéxicos que a Deputación Provincial de Lugo pretende acadar nos vindeiros tres anos a través das subvencións, pódense resumir nos seguintes, e que están directamente relacionados coas prioridades básicas (a cohesión social, o equilibrio territorial e o impulso da economía e o emprego):

1. Xerar e incrementar os niveis de riqueza na provincia de Lugo, riqueza entendida no concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), contribuíndo ao desenvolvemento conxunto do territorio e da poboación que o habita.
2. Fornecer a prestación integral e universal do conxunto de servizos obrigatorios, e considerados esenciais, en todo o territorio provincial, loitando contra os desequilibrios intermunicipais e garantindo a solidariedade no territorio da Provincia.
3. Priorizar as actuacións relacionadas coa execución, mellora e mantemento das infraestruturas, equipamentos, servizos e actividades de especial transcendencia social para os habitantes da provincia de Lugo e as institucións públicas e privadas, que favorezan a actividade produtiva e o fomento do emprego e a competitividade.
4. Impulsar e promover o desenvolvemento da provincia, mediante o apoio aos sectores produtivos sostibles e integrados, vinculados coa innovación e a tecnoloxía, e con capacidade de xerar oportunidades de emprego, e que posibiliten a dinamización do territorio.
5. Remover as dificultades de acceso ao mercado laboral, que requiren a implicación de todas as Administracións Públicas e do tecido empresarial da provincia.
6. Apoio ao medio rural, mediante o fomento de políticas públicas que contribúan a incrementar o grado de benestar, a fixación da poboación, o respaldo dos sectores produtivos da agricultura, da gandeiría, da pesca, da agroindustria, e da actividade de transformación.
7. A actividade forestal e a explotación sostible dos recursos dispoñibles no territorio, respectando a riqueza ambiental.
8. A transformación da produción, xerando valor engadido no territorio.
9. A recuperación do patrimonio e a conservación dos recursos naturais, a paisaxe e a actividade turística sostible e de calidade.
10. A protección das contornas naturais e urbanas, mediante accións de xestión de recursos e servizos básicos, a protección do medio ambiente e das Reservas da Biosfera, as enerxías renovables e a eficiencia enerxética.
11. A modernización da provincia e a adaptación á sociedade da información e da comunicación, avanzando na investigación, no desenvolvemento, na innovación e na formación tecnolóxica.
12. Eliminación das desigualdades e ofrecer as mesmas oportunidades a todos os cidadáns da provincia.
13. Prevención e tratamento de situacións de exclusión social, apoio ao voluntariado e as redes de apoio social e natural das persoas e colectivos desfavorecidos.
14. Prevención, protección e promoción da saúde para os distintos grupos da poboación, así como facilitar a integración social das persoas enfermas.
15. Apoio e fomento do asociacionismo para o desenvolvemento dos seus fins.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	15/74



16. Promoción do turismo provincial, apoiando aquelas actividades que contribúan a atraer visitantes, á mellora da imaxe da provincia e os seus municipios, no marco do Plan Estratéxico de Turismo da provincia de Lugo.
17. Impulso das actividades e as infraestruturas relacionadas co deporte e a cultura, que ademais de xerar riqueza e emprego, contribúen á cohesión social e potencian a imaxe da provincia de Lugo e o seu desenvolvemento local.
18. Conservar, protexer e promover os sectores da artesanía e do deseño.
19. Mellorar o desenvolvemento económico e social da provincia de Lugo, e das persoas que a habitan, apoiando aqueles proxectos e actuacións de interese provincial, que contribúen ao desenvolvemento social, económico e humanitario da provincia: pensar nos territorios pero fundamentalmente nas persoas.
20. Fixar poboación na provincia, especialmente nas zonas rurais.
21. Estimular a economía do coñecemento, nun mundo global no que aprender pero sen rachar coas raíces.

En resume, búscase integrar os eixes que configuran as estratexias políticas da Deputación, procedentes dos compromisos asumidos democraticamente cos veciños da provincia, coas liñas de actuación, identificadas nesta programación da actividade de fomento, como liñas de subvencións: Dase coherencia e integración ao principio democrático co gasto público na actividade de fomento subvencional.

6.4.2 – **IMPACTO DOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS XERAIS**

Tendo en conta a información achegada, e dada a natureza e alcance das distintas liñas de subvención das distintas áreas organizativas, e de conformidade co establecido no artigo 8.2 da Lei Xeral de Subvencións, non se considera que os obxectivos estratéxicos previstos no presente plan interfiran no mercado.

6.4.3 - **LIÑAS DE SUBVENCIÓN POR ÁREAS**

As liñas de subvención que se inclúen no presente PES enmárcanse dentro das atribucións funcionais ou operativas das distintas áreas da Deputación Provincial, conforme á organización político institucional. Non obstante, o relevante e prioritario é o contido obxectivo e/ou material de cadansúa.

Actualmente a Deputación Provincial de Lugo organízase nas seguintes áreas:

- 1) Área de Presidencia.
- 2) Área de Xestión Territorial.
- 3) Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo.
- 4) Área de Promoción Económica e Social.
- 5) Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas.
- 6) Área de Participación Cidadá.
- 7) Área de Muller e Igualdade.
- 8) Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos.
- 9) Área de Formación, Ensino, e Economía do Coñecemento.
- 10) Área de Medio Ambiente.
- 11) Área de Recursos Sostibles.
- 12) Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.
- 13) Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade.
- 14) Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	16/74



En todo caso, o determinante serán as Liñas de actuación do presente PES, e no caso de producirse unha modificación na organización política institucional, a efectos da xestión procedimental, as liñas encaixaranse nas competencias materiais de cada área.

Cada área nas que se organiza esta Deputación Provincial, planificará e xestionará as liñas de subvención que lle competen por razón da materia, do contido, do obxectivo estratéxico ou en función doutros factores de carácter organizativo.

Non obstante, a Área de Presidencia xestionará as seguintes liñas de subvención:

- 1) Aquelas cuxo obxectivo estratéxico non se poida encaixar de forma específica noutra área.
- 2) As que teñan un obxectivo estratéxico que estea relacionado con competencias de varias áreas.
- 3) As que persigan o desenvolvemento económico e social da provincia no seu conxunto, e que redunden na xeración de riqueza para o tecido económico e social, en sentido amplo, e singularmente as determinadas neste PES.
- 4) Aquelas que, por razóns de eficacia e celeridade administrativa determine a Presidencia, con tal carácter, ao iniciarse cada procedemento específico de concesión, aínda que inicialmente viñesen atribuídas a outra área.

Nos apartados que seguen, indícanse as liñas de subvención previstas, que se encadran por áreas de competencia afectadas, de conformidade coa estrutura organizativa provincial vixente no momento de elaborar este Plan. Neste sentido, para cada unha das áreas da Deputación Provincial, inclúense as liñas de subvención previstas para as mesmas. Para cada unha das liñas de subvención, en particular ou en conxunto, indícase a seguinte información:

- 1) Centro xestor
- 2) Obxectivo estratéxico
- 3) Obxectivos específicos
- 4) Prazo de execución
- 5) Custos económicos previsibles
- 6) Fontes de financiamento
- 7) Procedemento de concesión
- 8) Plan de acción
- 9) Seguimento e avaliación
- 10) Indicadores (específicos ou xerais)
- 11) Actuacións específicas
- 12) Referencia aos posibles beneficiarios, directamente ou por remisión.

O feito de que unha área de competencia non conte con liñas de subvención no momento da aprobación do presente PES non impide que, posteriormente, e sempre dentro do período de vixencia do Plan, poida incorporar novas liñas, mediante acordo da Xunta de Goberno.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	17/74



1 – ÁREA DE PRESIDENCIA

LIÑA 1.1 – XERACIÓN DE RIQUEZA

Centro xestor

Servizo de Contratación e Fomento – Sección de Fomento

Obxectivo estratéxico

Conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

Obxectivos específicos

- 1) Fomento das actuacións que redunden na potenciación e mellora da actividade económica, social, cultural, medioambiental, humanitaria, etc. da provincia.
- 2) Favorecer aquelas actividades que inflúan de forma positiva na procura do benestar comunitario, na fixación de poboación no territorio, tratando de evitar o abandono do rural.
- 3) Impulsar e apoiar o desenvolvemento de actuacións que sirvan para frear e reverter os efectos da crise, e que incidan na recuperación económica da provincia.
- 4) Cooperar no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia de Lugo de forma organizada, atendendo ás condicións endóxeas dos territorios e as súas oportunidades e potencialidades, loitando contra as debilidades e ameazas, e aproveitando as sinerxias dos concellos e a súa autonomía.
- 5) Fomento da participación dos cidadáns, tratando que os habitantes da provincia de Lugo sexan suxeitos sociais con unha maior capacidade para transformar o medio no que habitan, procurando que acaden un maior control sobre os seus órganos, económicos e administrativos.
- 6) Potenciar a promoción da nosa terra e dos nosos exemplares autóctonos, e prestar apoio na celebración de acontecementos feirais de carácter sectorial.
- 7) Fomentar o desenvolvemento sostible, procurando unha educación centrada na protección do medio ambiente e o aproveitamento sostible dos recursos naturais, facendo unha labor en conxunto cos cidadáns de respecto á natureza, tratando de difundir e xestionar actividades culturais mediante a organización de concursos e exposicións e calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento da cultura e o crecemento económico da provincia.
- 8) Fomentar a cooperación entre os sectores público e privado.
- 9) Promoción e apoio á xeración de proxectos empresariais xeradores de riqueza, industria e emprego.
- 10) Favorecer a creación e consolidación de novas empresas e do emprego, apoiando ao tecido empresarial existente.
- 11) Fomento e apoio de actuacións de interese público, social, económico ou humanitario, que redunden na xeración de riqueza para o territorio da provincia de Lugo.
- 12) Desenvolvemento económico e social do territorio provincial, en coherencia coa programación e planificación das distintas administracións, que implementen as súas accións de gobernanza sobre o territorio, evitando duplicidades innecesarias e sumando esforzos.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXJEJ4	Página	18/74



- 13) Optimización dos recursos e potencialidades da provincia, que redunden nun desenvolvemento máis eficiente e eficaz.
- 14) Potenciación dos sectores económicos clave para a economía provincial.
- 15) Fomento do asociacionismo empresarial e das iniciativas de economía social.
- 16) Fomento do asociacionismo como instrumento para canalizar a organización da sociedade civil para a realización de actividades comúns.
- 17) Consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan Estratéxico da provincia de Lugo.
- 18) Incrementar os niveis de colaboración da cidadanía e do asociacionismo veciñal.
- 19) Promover, fomentar e colaborar na creación e mantemento de entidades que persigan obxectivos que redunden na xeración de riqueza e benestar, en xeral para a provincia.
- 20) Impulsar o comercio dos produtos autóctonos a través da celebración feiras, mercados e romarías.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión ou no convenio canalizador.

Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan con esta liña de subvención.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrencia competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

Realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios específicos para cada unha das actuacións específicas de subvención que a canalicen.

No plan de acción desta liña estratéxica, tamén se inclúen as actuacións específicas de subvencións directas nominativas e excepcionais plurianuais.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas, e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases das convocatorias das subvencións e/ou convenios canalizadores.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Página	19/74



Tamén se artellarán mecanismos técnicos de seguimento e avaliación para medir o impacto das distintas accións de fomento encadrables nesta liña, a fin de integrarse no informe de avaliación definitivo.

Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais (ver Apartado 4 – Avaliación e seguimento: determinacións xerais).

Poñerase especial atención no impacto económico e social, dados os obxectivos desta liña.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÒN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)			
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXJEJ4	Página	20/74	

LIÑA 1.2 – INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS
Centro xestor

Servizo de Contratación e Fomento – Sección de Fomento

Obxectivo estratéxico

Dotar á provincia de infraestruturas e servizos que contribúan ao benestar comunitario dos seus veciños, especialmente nas zonas rurais. Consegui- que a poboación que reside nas zonas rurais poida dispoñer de servizos similares aos das cidades, contribuíndo así á fixación de poboación no rural. Mellorar as contornas urbanas menos favorecidas.

Obxectivos específicos

- 1) Dotar á provincia das infraestruturas necesarias para o benestar comunitario dos seus veciños.
- 2) Equipamento das infraestruturas adaptadas ás necesidades actuais da poboación.
- 3) Asegurar o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal, ou ben que se consideran esencias, para a calidade de vida dos veciños de cada parte do territorio provincial.
- 4) Eliminación de diferenzas na dispoñibilidade de servizos dentro da provincia, e especialmente entre as zonas urbanas e as rurais, con especial atención ao rural, ou as zonas urbanas menos desenvolvidas, como un factor territorial de integración social: que o lugar onde se viva non supoña unha barreira na igualdade material de oportunidades.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión ou no convenio canalizador.

Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan con esta liña de subvención.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrencia competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXJE4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXJE4	Página	21/74



Plan de acción

Realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios específicos para cada unha das actuacións específicas de subvención que a canalicen.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas, e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión, por parte dos beneficiarios ou entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases das convocatorias das subvencións e/ou convenios canalizadores.

Implementaranse mecanismos técnicos de seguimento e avaliación para medir o impacto das distintas accións de fomento encadrables nesta liña, a fin de integrarse no informe de avaliación definitivo, con especial atención aos indicadores específicos.

Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais (ver Apartado 4 – Avaliación e seguimento: determinacións xerais)

Indicador específico: impacto na calidade de vida dos veciños, en atención ao lugar onde vive; impacto na cohesión social e na igualdade de oportunidades, removendo obstáculos territoriais ou físicos que a dificulten.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	22/74



2 - ÁREA DE XESTIÓN TERRITORIAL

Non se prevé ningunha liña de subvencións dentro desta área.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)			
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	23/74	

3 - ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO

LIÑA 3.1 – TURISMO

Centro xestor

Turismo

Obxectivo estratéxico

Promover a imaxe turística da provincia de cara ao exterior, entendendo que a iniciativa privada poderá colaborar na súa promoción turística.

Obxectivos específicos

- 1) Apoiar aquelas iniciativas, accións, programas e eventos que promovan a imaxe da provincia de Lugo e o seu potencial turístico de cara ao exterior.
- 2) Promoción da imaxe da provincia de cara ao exterior.
- 3) Apoiar e difundir o potencial turístico da provincia.
- 4) Apoiar o turismo como dinamizador económico e social da provincia.
- 5) Promover e difundir os produtos turísticos dos diferentes concellos, entidades e asociacións da provincia de Lugo.
- 6) Colaboración coas entidades públicas e privadas para a promoción turística dos seus respectivos territorios.
- 7) Promoción do turismo nas súas vertentes de: turismo rural, turismo activo, enoturismo, ecoturismo, turismo da auga, fluvial e termalismo, turismo cultural, turismo de natureza, turismo enogastronómico, turismo científico, turismo etnográfico, turismo náutico-deportivo, turismo agroalimentario e mariñeiro e turismo científico, entre outras variantes.
- 8) Potenciación das feiras, mercados e romarías como produto turístico diferenciador.
- 9) Execución de obras, equipamentos e actuacións para a promoción dos produtos e servizos turísticos dos xeodestinos da nosa provincia.
- 10) Impulso da sociedade do benestar: sociedade do ocio e do lecer.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión.

Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade e que se correspondan con esta área e liña de actuación.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Página	24/74



Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas liñas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrencia competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das liñas específicas de subvención que a canalicen.

No plan de acción desta liña estratéxica tamén se inclúen as actuacións específicas de subvencións directas nominativas e excepcionais plurianuais.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases reguladoras das subvencións e/ou convenios de colaboración específicos canalizadores.

Tamén se artellarán mecanismos técnicos de seguimento e avaliación para medir o impacto das distintas accións de fomento encadradas nesta liña ao fin de integrarse no informe de avaliación definitivo, como son:

- a) Implicación dos/das axentes
- b) Cumprimento de cronogramas de actuación
- c) Execución do gasto das actuacións
- d) Impacto das actuacións
- e) Equilibrio provincial e cohesión social
- f) Grao de consecución dos obxectivos

Indicadores

Utilizaranse os seguintes indicadores específicos:

- 1) Fomentar a programación/oferta turística.
- 2) Impacto e a capacidade de dinamización turística no entorno no que se desenvolven.
- 3) O emprego do turismo como vehículo de desenvolvemento socio-económico.
- 4) As características e a repercusión socio-económico dos proxectos.
- 5) O interese e a calidade das actividades/ofertas turísticas.
- 6) A utilización dos recursos territoriais da provincia.
- 7) O apoio para o desenvolvemento de accións para o desenvolvemento turístico, eventos, feiras e mercados.
- 8) Reforzar a oferta turística a través da idiosincrasia e dos valores identificativos do territorio.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	25/74



- 9) O uso e difusión do galego.
- 10) O grao de consolidación territorial da oferta pública e no tecido asociativo.
- 11) O grao de implicación dos axentes sociais do sector.
- 12) O aumento na porcentaxe de visitantes dentro do territorio e no volume de actividades socio-económicas.
- 13) A prioridade e a repercusión social dos proxectos de promoción a desenvolver e o seu impacto sobre a promoción turística.
- 14) A mellora da competitividade turística
- 15) O apoio á formación no sector.
- 16) O seguimento daqueles ítems definidos dende a Área de Turismo.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	26/74



4 - ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

LIÑA 4.1 – FOMENTO DA PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DE LUGO

Centro xestor

Promoción Económica e Social – Emprego

Obxectivo estratéxico

A nosa provincia conta cunha zona moi extensa de ámbito rural onde o descenso da poboación é moi acentuado, en maior medida desde o ano 2011, ano no que o contexto da crise marca un punto de inflexión a escala social.

Un dos factores que máis inflúen neste descenso tan acusado da poboación no medio rural é a escasa oferta de traballo, en particular a falta de oportunidades de emprego cualificado, castigando aínda máis se cabe, a incorporación da muller ao emprego e a conservación do talento no territorio.

Á escaseza de emprego súmase a precarización do mercado laboral, na que os contratos estables e a tempo completo cederon espazo aos empregos a tempo parcial cunha temporalidade definida en detrimento do traballador; ademais o traballo por conta allea perdeu peso en favor da contratación puntual de profesionais, o que motivou a proliferación do emprego autónomo, baseando a súa actividade na necesidade e non nun proxecto sostible ou nunha motivación emprendedora.

Obxectivos específicos

Fomento do Emprego

- 1) Accións destinadas a mellorar a cualificación e a capacidade dos traballadores, e a adecuación aos novos empregos que xorden dos nichos de mercado en sectores emerxentes.
- 2) Fomento do emprego de calidade, mediante a mellora das condicións de empregabilidade, en aras da dignificación profesional e á redución da temporalidade e da taxa de desemprego no mercado de traballo da provincia.
- 3) Dignificación de profesións desvirtuadas.
- 4) Colaboración público-privada para potenciar mecanismos de xeración de emprego.
- 5) Accións dirixidas a fixar talento nos territorios.

Emprendemento

- 1) Favorecer e promocionar a cultura emprendedora.
- 2) Promoción da realización de proxectos innovadores liderados por mulleres ou homes que compartan a creación de emprego estable, de calidade e de mellora da competitividade.
- 3) Posta en valor dos recursos e riquezas do noso territorio.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGCCXJEJ4	Página	27/74



Competitividade empresarial

- 1) Consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e que xere desenvolvemento sustentable e dinamice o mercado laboral no territorio.
- 2) Xeración dun tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

Impulso da economía social

- 1) Impulso das entidades de economía social, con especial atención ás de singular arraigamento na súa contorna, e ás que xeren emprego nos sectores máis desfavorecidos da nosa provincia.
- 2) Fomento das distintas fórmulas empresariais de economía social que poñan en valor ás persoas e ás súas ideas, como verdadeiros coñecedores do seu entorno.
- 3) Fomento das potencialidades do cooperativismo, fomentando a difusión dos principios cooperativos, así como a educación e a formación cooperativa.
- 4) Xeración de emprego estable no territorio, afincamento da poboación nos territorios.
- 5) Integración de colectivos desempregados con especiais dificultades de inserción laboral.

Fomento do comercio local

- 1) Incrementar a cota de mercado do comercio local, a través da definición de accións enfocadas á mellora da competitividade, a eficiencia, a capacidade de adaptación ás novas correntes de consumo, e de cubrir as necesidades dos consumidores, tanto na variedade da oferta como nos tempos de resposta.
- 2) Fomento de redes de traballo entre o tecido empresarial, asociacións, federacións de comercio, agrupacións ou colexios profesionais.

Promoción da igualdade

- 1) Fomento de actividades de sensibilización para lograr medidas reais e efectivas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras fóra do fogar, entendida como un compromiso na procura de solucións na vida privada, familiar e laboral, que permitan a mulleres e homes compartir os beneficios e obrigas da vida familiar e as vantaxes e tensións do traballo remunerado.
- 2) A integración socio-laboral das mulleres que se atopen en situación de especial vulnerabilidade ou en situación e/ou risco de exclusión social. Englobaríanse aquí a aquelas mulleres que teñan engadida á súa condición de muller algunha outra circunstancia que as converta en persoas máis vulnerables.
- 3) A formación e a reciclaxe profesional das mulleres como forma de mellorar as súas condicións de empregabilidade dentro dun mercado laboral cada vez máis competitivo, fomentando o emprego como instrumento clave para lograr a igualdade de oportunidades, ao facilitar os recursos económicos nos que se soporta un nivel adecuado de independencia e de autonomía e liberdade persoal.

Fomento da racionalización e a flexibilización horaria no traballo

- 1) Fomentar nas empresas a organización mellor do traballo, facéndoo máis produtivo, evitando os tempos mortos, converténdose en máis produtivas.
- 2) Fomentar actuacións que propicien cambios na cultura empresarial, mediante a racionalización dos horarios nas empresas, conseguindo un ben común para empresario e traballador.
- 3) A estandarización de horarios flexibles, que repercuten nunha maior motivación e satisfacción do empregado, conseguindo así ser máis produtivos, e por tanto, mellores resultados para a empresa.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXEJ4	Página	28/74



Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión ou no convenio canalizador.

Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan con esta área e liña de actuación.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrência competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios específicos para cada unha das actuacións específicas de subvención que a canalicen.

No plan de acción desta liña estratéxica, tamén se inclúen as actuacións específicas de subvencións directas nominativas e excepcionais plurianuais.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases das convocatorias das subvencións e/ou convenios canalizadores.

Empregaranse indicadores para medir o impacto da acción de promoción económica e social, a través do cómputo de xeración de novos postos de traballo, con atención aos colectivos con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral, e en concreto de mulleres, como consecuencia conseguirase unha diminución de taxa de paro na provincia.

A cuantificación da creación de novas empresas atendendo a súa fórmula xurídica, en concreto, de economía social por localidades dentro da provincia, a cuantificación da incorporación da modernización ou transformación de novas fórmulas de traballo.

A cuantificación de cambios dentro das pemes para a transformación de horarios ou a distribución de xornadas de traballo en busca da produtividade e da satisfacción do traballador cara a conciliación da vida familiar e laboral.

Outros indicadores, serán a cuantificación de redes de traballo entre diferentes axentes sociais da provincia, e as actividades de promoción e difusión do comercio e do tecido empresarial da provincia

Indicadores de impacto de xénero, non só na creación de novos postos de emprego, senón na distribución dos postos.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	29/74



Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais (ver Apartado 4 – Avaliación e seguimento: determinacións xerais).

A administración provincial impulsa accións para remover obstáculos que dificultan a igualdade material dos seus veciños, para poder levar a cabo unha correcta asignación de fondos e contribuír aos obxectivos do plan. Establécense indicadores para medir o impacto dos recursos económicos propostos a disposición da economía luguesa para conseguir a promoción económica e social da provincia. Estes serán: a xeración de emprego e emprego de calidade, a creación de empresas, en concreto empresas de economía social, actuacións emprendedoras, inclusión de medidas de innovación no tecido empresarial, fomento de redes de traballo, e actos de promoción do comercio.

Indicadores de impacto de xénero, especialmente naquelas actividades con emprego feminino e a incorporación ao traballo de colectivos con especiais dificultades.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	30/74



LIÑA 4.2 – BENESTAR SOCIAL
Centro xestor

Benestar Social

Obxectivo estratéxico

Aumentar os niveis de benestar social da poboación da provincia de Lugo no sentido máis amplo (mellorando a súa calidade de vida, contribuíndo a unha sociedade máis igualitaria de oportunidades para todos os colectivos, especialmente daqueles máis vulnerables, e na que os aspectos sociais teñan unha maior relevancia), intentando acadar un verdadeiro “estado de benestar”.

Obxectivos específicos

Execución de obras, equipamentos, investimentos, proxectos, programas, actividades e/ou actuacións que teñan algunha das seguintes finalidades:

- 1) Fomentar o estado de benestar social e mellorar a calidade de vida da cidadanía, facéndose efectivo o principio de igualdade de oportunidades para todas as persoas, con especial sensibilidade respecto dos colectivos máis vulnerables: persoas maiores, cativos, persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social por razóns de discapacidade, de xénero, de pertenza a minorías, por razóns de carácter social ou sanitario.
- 2) Promover as condicións precisas para impulsar un envellecemento activo e a prevención da dependencia para permitir que as persoas maiores poidan manter o maior tempo posible unha vida autónoma, na súa contorna social, facilitando para elo os recursos necesarios para desenvolver as actividades e actuacións dirixidas a potenciar as súas capacidades e frear os procesos involutivos que solen acompañar as persoas de maior idade.
- 3) Contribuír a unha maior autonomía persoal e social, mellorando o benestar físico, psicolóxico e/ou emocional, favorecendo deste xeito un maior desenvolvemento persoal, das persoas que padecen unha enfermidade mental, unha discapacidade ou presenten calquera circunstancia de carácter sociosanitario, de especial vulnerabilidade ou que requiran un tipo de atención específica.
- 4) Impulsar e defender os dereitos das persoas en risco de exclusión social ou de especial vulnerabilidade, ven sexa por razóns de idade, discapacidade física, psíquica ou sensorial; por razóns de xénero; por razóns de pertenza a minorías, apoiando a promoción e reinserción social das persoas e colectivos en risco de marxinalidade e exclusión social, facendo efectivo o principio de igualdade de oportunidades.
- 5) Colaborar co sector público e privado na planificación, programación, execución e avaliación das diferentes políticas sociais orientadas a lograr o estado de benestar.
- 6) Sensibilizar á sociedade sobre dos colectivos de especial vulnerabilidade e/ou en risco de exclusión social.
- 7) Fomento da conciliación real e efectiva da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras.
- 8) Impulsar e fomentar a participación social dos cidadáns, así como o desenvolvemento de fórmulas de colaboración voluntaria.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXEJ4	Página	31/74



- 9) Apoiar as intervencións de atención, prevención e inserción levados a cabo dende os servizos sociais, tanto do sector público como do sector privado. Impulsar e adoptar medidas para o fomento, prevención e promoción da saúde da cidadanía en xeral e dos colectivos máis vulnerables en particular.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión ou no convenio canalizador.

Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade e que se correspondan/encaixen con esta área e liña de actuación.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrência competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios específicos para cada unha das actuacións específicas de subvención que a canalicen.

No plan de acción desta liña estratéxica, inclúense igualmente as actuacións específicas de subvencións directas nominativas, excepcionais e plurianuais.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases reguladoras das subvencións e/ou convenios específicos.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	32/74



Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais que se sinalen no plan e os seguintes indicadores específicos:

- 1) Acceso ás actuacións subvencionadas.
- 2) Valoración do número de beneficiarios das actuacións, respecto da estimación da mesma actuación sen subvencionar.
- 3) Efectos sociais derivadas das actuacións subvencionadas no colectivo obxectivo e na sociedade en xeral.
- 4) Nivel de satisfacción dos destinatarios finais da actuación.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	33/74



5 - ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

Non se prevé ningunha liña de subvencións dentro desta área.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	34/74



**6 - ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

Non se prevé ningunha liña de subvencións dentro desta área.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)			
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	35/74	

7 - ÁREA DE MULLER E IGUALDADE

LIÑA 7.1 – PROMOCIÓN DA IGUALDADE

Centro xestor

Benestar Social e Igualdade

Obxectivo estratéxico

Promover e fomentar a igualdade, coa finalidade de avanzar na igualdade real entre mulleres e homes e lograr unha sociedade máis igualitaria en todos os ámbitos, favorecendo a autonomía persoal e a superación das desigualdades por razón de sexo e xénero en todos os ámbitos da sociedade, eliminando as discriminacións persistentes.

Obxectivos específicos

Execución de obras, equipamentos, investimentos, proxectos, programas, actividades e/ou actuacións que teñan algunha das seguintes finalidades:

- 1) Promover, apoiar e impulsar a igualdade de xénero, para paliar as situacións de desigualdade ou discriminatorias que sofren as persoas por razón de sexo.
- 2) Promoción da igualdade de xénero, mediante unha dobre estratexia baseada na adopción de medidas educativas e de discriminación positiva, encamiñadas a paliar as situacións de desigualdade ou discriminatorias que sofren as mulleres por razón de sexo, e da transversalidade de xénero en todas as políticas e actuacións promovidas polo organismo.
- 3) Prever a violencia de xénero, en calquera manifestación de desigualdade e discriminación, e o apoio as súas vítimas, que dan lugar a situacións de especial vulnerabilidade e, en moitos casos, de exclusión social.
- 4) Fomento e promoción de actividades encamiñadas á superación de roles e estereotipos en función do sexo, baseados nunha concepción patriarcal das relacións de xénero, e que axudan a perpetuar certas desigualdades en función do xénero, restrinxindo a participación das mulleres en determinados ámbitos da vida política, social e económica.
- 5) Desenvolvemento de accións de sensibilización nos centros escolares de todos os niveis educativos, encamiñadas á concienciación dos e das escolares acerca da necesidade de manter unhas relacións afectivas sas, afastadas de prexuízos e estereotipos sexistas que unicamente alimentan e perpetúan as relacións desiguais entre mulleres e homes.
- 6) Apoio á creación, mantemento e consolidación dos servizos de asesoramento xurídico e/ou psicolóxico para persoas que demandan consulta por cuestións relacionadas coa igualdade e a violencia de xénero, xa sexa a nivel laboral, familiar, social, etc.
- 7) Fomento de actividades, campañas ou obradoiros de accións de corresponsabilidade doméstica, invertindo os roles tradicionais e implicando a toda a unidade familiar na esfera privada e doméstica, axudando a visibilizar e poñer en valor todo o traballo reprodutivo e “invisible” que tradicionalmente desenvolveron as mulleres.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Página	36/74



- 8) Desenvolver e fomentar accións dirixidas ao empoderamento das mulleres nos ámbitos laborais, sociais, empresariais,...

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión ou no convenio canalizador.

Custes económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan/encaixen con esta área de actuación e liña.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrência competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios específicos para cada unha das liñas específicas de subvención que a canalicen.

No plan de acción desta liña, inclúense igualmente as actuacións específicas de subvencións directas nominativas e excepcionais plurianuais.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases da convocatoria e/ou convenios específicos.

Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais sinalados no PES e os seguintes indicadores específicos:

- Acceso ás actuacións subvencionadas.
- Valoración do número de beneficiarios das actuacións, respecto da estimación da mesma actuación sen subvencionar.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	37/74





- c) Efectos sociais derivadas das actuacións subvencionadas no colectivo obxectivo e na sociedade en xeral.
- d) Nivel de satisfacción dos destinatarios finais da actuación.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÒN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)			
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	38/74	

8 - ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS**LIÑA 8.1 – COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, MELLORA DA PRODUTIVIDADE E EMPRENDEMENTO NOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN E NA SÚA CONTORNA****Centro Xestor**

Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos

Obxectivos estratéxico

Cooperar ao desenvolvemento económico e social dos concellos de Lugo.

Obxectivos específicos

- 1) Garantir o acceso ás prestacións, ás oportunidades, ós servizos e a calidade de vida dos habitantes dos concellos de Lugo, tendo en conta a dispersión poboacional, e baixo un standar común, independente da súa área de residencia.
- 2) Reverter o cambio demográfico e fixar poboación nos núcleos rurais tradicionais e a súa contorna, mediante a súa mellora en espazos ordenados e eficaces no aproveitamento dos seus recursos.
- 3) Restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas na contorna dos núcleos rurais.
- 4) Contribuír a minimizar os riscos na contorna dos núcleos rurais, especialmente a prevención de incendios.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión.

Custes económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan con esta área e liña de actuación.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concorrenza competitiva

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Página	39/74



Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos.

Seguimento e avaliación

Realizarase polo Centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos establecido no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou entidades das colaboradoras, por medio da conta xustificativa a render, conta que se presentará no formato e prazos de presentación que se establecerán nas bases da convocatoria.

A maior abastanza, por técnicos do servizo, previa visita de comprobación in situ, emitírase informe de conformidade. Igualmente, serán implementados mecanismos técnicos e estatísticos para avaliar o impacto das distintas accións de fomento encadrables nesta liña.

Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais e, ademais, o impacto conseguido medido polo número de actividades económicas obxecto da acción de fomento, con indicación xeográfica dentro da provincia e sectores económicos ao que pertencen

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	40/74



9 - ÁREA DE FORMACIÓN, ENSINO, E ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

LIÑA 9.1 – EDUCACIÓN, CIENCIA E TECNOLOXÍA

Centro xestor

Promoción Económica e Social – Emprego

Obxectivo estratéxico

Camiñar cara a sociedade do coñecemento, a través da educación e a formación en todas as súas vertentes, e promovendo a ciencia e a tecnoloxía como piares fundamentais que contribuirán ao desenvolvemento do territorio e da poboación.

Obxectivos específicos

- 1) Impulsar a realización de actividades e/ou actuacións nos ámbitos da investigación científica, técnica e tecnolóxica aplicada, que contribúan a impulsar a creación de emprego, e permitan a produción, divulgación e intercambio de coñecemento científico.
- 2) Estimular e fomentar a investigación nos principais sectores produtivos, e especialmente naqueles que están acadando logros que teñen unha gran repercusión na sociedade.
- 3) Fomentar a implantación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na cotidianidade das relacións sociais, culturais e económicas, tratando de eliminar as barreiras de espazo e tempo, e facilitando unha comunicación ubicua e asíncrona.
- 4) Desenvolvemento de bolsas de estudo e investigación, bolsas ou premios para estimular a formación, tanto teórica como práctica, de tal xeito que favorezan o establecemento das TIC, e así mesmo, contribúan á inserción laboral dos mozos/as da provincia.
- 5) Apoio aos sectores da ciencia e a tecnoloxía.
- 6) Impulso do uso das novas tecnoloxía por parte poboación.
- 7) Facilitar o coñecemento e o uso das novas tecnoloxías, especialmente por aqueles grupos que dispoñen de menos medios.
- 8) Lograr que a cidadanía sexa altamente competente no ámbito dixital, e plenamente integrada no ámbito da sociedade do coñecemento.
- 9) Apoio e impulso ás actividades de investigación tecnolóxica.
- 10) Apoio na posta en marcha de proxectos innovadores que redunden en beneficios para a economía e a sociedade da provincia de Lugo.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión ou no convenio canalizador.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	41/74



Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan con esta liña de subvención.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrencia competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

Realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios específicos para cada unha das actuacións específicas de subvención que a canalicen.

No plan de acción desta liña estratéxica, tamén se inclúen as actuacións específicas de subvencións directas nominativas e excepcionais plurianuais. Resulta acaído o sistema de bolsas.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas, e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión, por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases das convocatorias das subvencións e/ou convenios canalizadores.

Tamén se artellarán mecanismos técnicos de seguimento e avaliación para medir o impacto das distintas accións de fomento encadrables nesta liña, a fin de integrarse no informe de avaliación definitivo, con especial atención aos indicadores específicos.

Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais (ver Apartado 4 – Avaliación e seguimento: determinacións xerais).

Poñerase especial atención no impacto económico e social de cada acción de fomento na economía do coñecemento, na creatividade e na innovación e na incidencia no emprego de calidade.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXJE4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXJE4	Página	42/74



10 - ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

LIÑA 10.1 - MEDIO AMBIENTE

Centro xestor

Medio Ambiente

Obxectivo estratéxico

Protección e mellora do medio ambiente. O medio ambiente é un elemento clave que contribúe na consecución dun equilibrio adecuado para o desenvolvemento económico, o crecemento da poboación, o uso racional dos recursos e para a protección e conservación do ambiente. É preciso satisfacer as necesidades da sociedade, pero o desenvolvemento e o benestar social están limitados polo nivel tecnolóxico, polos recursos do medio ambiente e pola capacidade que ten o propio medio ambiente para capar os efectos da actividade humana. Desde a Deputación se traballa para mellorar a tecnoloxía e a organización social, de xeito que o medio ambiente poida recuperarse ao mesmo ritmo que sofre os efectos negativos da actividade humana.

Obxectivos específicos

- 1) Impulsar a realización de actividades medio ambientais que contribúan a conseguir un equilibrio adecuado para o desenvolvemento económico, o crecemento da poboación, o uso racional dos recursos e para a protección e conservación do ambiente.
- 2) Fomentar a realización de actividades sostibles, é dicir, actividades que se poidan manter e que sexan capaces de satisfacer as necesidades actuais, sen comprometer os recursos e posibilidades existentes para as xeracións futuras.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión ou no convenio canalizador.

Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan con esta área liña de actuación.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	43/74



Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrência competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios canalizadores específicos para cada unha das actuacións específicas de subvención.

No plan de acción desta liña estratéxica, tamén se inclúen as actuacións específicas de subvencións directas nominativas e as específicas que se determinen en desenvolvemento deste plan.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases das convocatorias das subvencións e/ou convenios canalizadores, ou a través doutras formulas técnicas, a fin de integralo no informe de avaliación do resultado da actividade de fomento en cada exercicio.

Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais (ver Apartado 4 – Avaliación e seguimento: determinacións xerais).

Empregaranse indicadores para medir o impacto da acción de fomento na mellora ambiental e na sostibilidade dos recursos dispoñibles.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	44/74



LIÑA 10.2 - RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO
Centro xestor

Medio Ambiente

Obxectivo estratéxico

A Reserva da Biosfera Terras do Miño, declarada pola UNESCO en 2002, é xestionada pola Deputación de Lugo. Inclúe territorios de 26 municipios da provincia de Lugo: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Ourel, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.

A Reserva da Biosfera conta cun órgano de xestión, sen personalidade xurídica propia, integrado na Deputación de Lugo, conformado por un Órgano Reitor e un Órgano de Participación.

Por outra banda, a Reserva da Biosfera conta cun Plan de Acción (2013-2023), informado favorablemente polo Órgano de Participación e aprobado polo Órgano Reitor na reunión celebrada o 19/12/2013, que define un novo modelo de desenvolvemento que harmoniza os diversos sectores de actividades socioeconómicas co desenvolvemento das poboacións locais e a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, integrándose co resto de políticas sectoriais.

Neste escenario, resulta imprescindible que a implementación do Plan de Acción forme parte dun proceso integrador no que se teñan en conta os diferentes axentes implicados no desenvolvemento e posta en marcha de cada acción. Polo tanto, debe contemplarse a integración dos organismos competentes, fomentando a colaboración e participación de entidades locais, asociacións, representantes dos distintos sectores produtivos implicados, organizacións conservacionistas sen ánimo de lucro, institucións dedicadas a educación e/ou investigación científica, así como todos aqueles axentes que poidan verse implicados no desenvolvemento e posta en marcha das accións formuladas no presente Plan, especialmente, aos integrantes do Órgano de Participación da Reserva da Biosfera.

Obxectivos específicos

O Plan de Acción da Reserva da Biosfera Terras do Miño constitúe un plan de xestión para a planificación deste espazo, a finalidade do cal é o establecemento das liñas xerais de acción, programas, proxectos e estratexias prioritarias de actuación para o cumprimento dos obxectivos da Reserva.

As Liñas de Acción establecidas no presente Plan, dispostas en función da súa orde de prioridade, son as seguintes:

- 1) Conservación do patrimonio natural.
- 2) Difusión dos valores naturais e culturais.
- 3) Compatibilidade do medio rural coa biodiversidade.
- 4) Compatibilidade do turismo coa biodiversidade.
- 5) Manufacturas locais e produtos de calidade.
- 6) Ciencia e desenvolvemento de capacidades.
- 7) Cooperación e asociacións para a sostiabilidade.
- 8) Conservación dos recursos patrimoniais.
- 9) Xestión adaptativa da Reserva de Biosfera.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXEJ4	Página	45/74



Estas 9 Liñas de Acción contemplan un total de 20 Accións, que contribúen ao cumprimento dos obxectivos do Plan de Acción, que son os seguintes:

- 1) Conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.
- 2) Difusión dos valores da Reserva á sociedade.
- 3) Promoción do desenvolvemento rural sostible.
- 4) Promoción dos aproveitamentos sostibles dos recursos naturais.
- 5) Fomento do emprego local e das economías de calidade.
- 6) Mellora do coñecemento sobre o patrimonio natural da Reserva.
- 7) Fomento do intercambio e do establecemento de compromisos de cooperación.
- 8) Conservación e mellora do patrimonio cultural da Reserva.
- 9) Cumprimento dos obxectivos dos Plans de Acción das Redes Mundial e Española de Reservas da Biosfera.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión ou no convenio canalizador.

Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade e que se correspondan con esta área e liña de actuación.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrencia competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios canalizadores específicos, para cada unha das actuacións específicas de subvención, sempre en concordancia e co obxectivo de dar cumprimento ao Plan de Acción da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

No plan de acción desta liña estratéxica, tamén se inclúen as actuacións específicas de subvencións directas nominativas e as específicas que se determinen en desenvolvemento deste plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	46/74



Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases das convocatorias das subvencións e/ou convenios canalizadores, ou a través doutras fórmulas técnicas, a fin de integralo no informe de avaliación do resultado da actividade de fomento en cada exercicio.

Empregaranse os indicadores de seguimento das accións de cada unha das 9 liñas de acción do Plan de Acción da Reserva da Biosfera Terras do Miño (2013-2023).

Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais (ver Apartado 4 – Avaliación e seguimento: determinacións xerais).

Empregaranse indicadores para medir o impacto da acción no desenvolvemento do Plan de Acción da Reserva da Biosfera, que persegue o establecemento dun novo modelo de desenvolvemento, que harmonice os diversos sectores de actividades socioeconómicas co desenvolvemento das poboacións locais e a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	47/74



LIÑA 10.3 - RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ
Centro xestor

Medio Ambiente

Obxectivo estratéxico

A Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, declarada pola UNESCO en 2006, é xestionada pola Deputación de Lugo. Inclúe territorios de 3 municipios da provincia de Lugo: Cervantes, Navia de Suarna e Becerreá.

A Reserva da Biosfera conta cun órgano de xestión, sen personalidade xurídica propia, integrado na Deputación de Lugo, conformado por un Órgano Reitor e un Órgano de Participación.

Por outra banda, a Reserva da Biosfera conta cun Plan de Acción (2013-2023), informado favorablemente polo Órgano de Participación e aprobado polo Órgano Reitor na reunión celebrada o 17/12/2013, que define un novo modelo de desenvolvemento que harmoniza os diversos sectores de actividades socioeconómicas co desenvolvemento das poboacións locais e a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, integrándose co resto de políticas sectoriais.

Neste escenario, resulta imprescindible que a implementación do Plan de Acción forme parte dun proceso integrador no que se teñan en conta os diferentes axentes implicados no desenvolvemento e posta en marcha de cada acción. Polo tanto, debe contemplarse a integración dos organismos competentes, fomentando a colaboración e participación de entidades locais, asociacións, representantes dos distintos sectores produtivos implicados, organizacións conservacionistas sen ánimo de lucro, institucións dedicadas á educación e/ou investigación científica, así como todos aqueles axentes que poidan verse implicados no desenvolvemento e posta en marcha das accións formuladas no presente Plan, especialmente, aos integrantes do Órgano de Participación da Reserva da Biosfera.

Obxectivos específicos

O Plan de Acción da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses constitúe un plan de xestión para a planificación deste espazo, a finalidade do cal é o establecemento das liñas xerais de acción, programas, proxectos e estratexias prioritarias de actuación para o cumprimento dos obxectivos da Reserva.

As Liñas de Acción establecidas no presente Plan, dispostas en función da súa orde de prioridade, son as seguintes:

- 1) Xestión adaptativa da Reserva.
- 2) Conservación do patrimonio natural e cultural.
- 3) Comunicación e difusión do patrimonio.
- 4) Promoción dun desenvolvemento rural sostible.
- 5) Producións e turismo de calidade.
- 6) Ciencia e desenvolvemento de capacidades.
- 7) Cooperación e asociacións.

Estas 7 Liñas de Acción contemplan un total de 16 Accións, que contribúen ao cumprimento dos obxectivos do Plan de Acción, que son os seguintes:

- 1) Contribuír ao cumprimento dos obxectivos da Estratexia da Rede Mundial de Reservas da Biosfera.
- 2) Conservación e mellora do patrimonio natural e cultural da Reserva.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGCCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGCCXXEJ4	Página	48/74



- 3) Comunicación e difusión do patrimonio albergado na Reserva.
- 4) Promoción do desenvolvemento rural sostible.
- 5) Reforzo do aproveitamento sostible dos recursos naturais.
- 6) Fomento do emprego local e das producións de calidade.
- 7) Fomento da investigación científica e a educación ambiental na Reserva.
- 8) Promoción de accións de cooperación e asociacionismo.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión ou no convenio canalizador.

Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan con esta área e liña de actuación.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrência competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios canalizadores específicos para cada unha das actuacións específicas de subvención, sempre en concordancia e co obxectivo de dar cumprimento ao Plan de Acción da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses.

No plan de acción desta liña estratéxica, tamén se inclúen as actuacións específicas de subvencións directas nominativas e as específicas que se determinen en desenvolvemento deste plan.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases das convocatorias das subvencións e/ou convenios canalizadores, ou a través doutras fórmulas técnicas, a fin de integralo no informe de avaliación do resultado da actividade de fomento en cada exercicio.

Empregaranse os indicadores de seguimento das accións de cada unha das 7 liñas de acción do Plan de Acción da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses (2013-2023).

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Página	49/74



Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais (ver Apartado 4 – Avaliación e seguimento: determinacións xerais).

Empregaranse indicadores para medir o impacto da acción no desenvolvemento do Plan de Acción da Reserva da Biosfera, que persegue o establecemento dun novo modelo de desenvolvemento, que harmonice os diversos sectores de actividades socioeconómicas co desenvolvemento das poboacións locais e a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXXEJ4	Página	50/74



11 - ÁREA DE RECURSOS SOSTIBLES**LIÑA 11.1 – RECURSOS SOSTIBLES****Centro xestor**

Área de Recursos Sostibles

Obxectivo estratéxico

Potenciación dos recursos dispoñibles por parte da Deputación Provincial de Lugo no tocante ás súas parcelas agrícolas, gandeiras e forestais e instalacións das mesmas para a realización de proxectos, así como de actividades que se desenvolvan en calquera das anteriores parcelas e que teñan pegada nos sectores económicos relevantes a nivel provincial.

Desenvolvemento de iniciativas con organizacións públicas e/ou privadas que potencien o fortalecemento do asociacionismo, o desenvolvemento científico e tecnolóxico e o aproveitamento sostible dos recursos.

Obxectivos específicos

- 1) Realización de proxectos e actividades de interese económico, social, ambiental e de sostibilidade, desenvolvidas nas parcelas agrícolas, gandeiras e forestais propiedade da Deputación Provincial de Lugo, así como nas instalacións das citadas parcelas.
- 2) Impulsar iniciativas que fomenten o desenvolvemento científico e tecnolóxico nos sectores económicos relevantes da Provincia.
- 3) Potenciar iniciativas que fomenten o fortalecemento do asociacionismo e/ou o aproveitamento sostible dos recursos.
- 4) Realización de xornadas ou actividades divulgativas científico-técnicas, ou relacionadas co asociacionismo e/ou o aproveitamento sostible dos recursos.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión ou no convenio canalizador.

Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan e/ou encaixen con esta área e liña de actuación.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	51/74



Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrencia competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios canalizadores específicos para cada unha das actuacións específicas de subvención.

No plan de acción desta liña estratéxica, tamén se inclúen as actuacións específicas de subvencións directas nominativas e as específicas que se determinen en desenvolvemento deste plan.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases das convocatorias das subvencións e/ou convenios canalizadores, ou a través doutras fórmulas técnicas, a fin de integralo no informe de avaliación do resultado da actividade de fomento en cada exercicio.

Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais (ver Apartado 4 – Avaliación e seguimento: determinacións xerais).

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	52/74



12 - ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

LIÑA 12.1 – DEPORTES

Centro xestor

Servizo de Deportes e Mocidade

Obxectivo estratéxico

Promoción e difusión do deporte e da súa práctica por todos os sectores da poboación e dentro do ámbito provincial: satisfacer as demandas deportivas do conxunto da cidadanía e a potenciación e mellora do deporte na provincia de Lugo en todas as súas vertentes, fomentando, promovendo e difundindo o deporte e a súa práctica, mediante axudas para o apoio e colaboración no gasto corrente e/ou investimentos e bolsas a deportistas individuais.

Obxectivos específicos

- 1) Promover a organización de actividades e eventos deportivos.
- 2) Fomentar a participación da muller, da terceira idade, dos nenos e das persoas con discapacidade, mediante a promoción dunha oferta deportiva adaptada ás súas necesidades, atendendo non só ao deporte competitivo.
- 3) Fomentar o deporte autóctono e tradicional, o deporte recreativo e o dedicado a saúde. Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.
- 4) Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, a loita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.
- 5) Proporcionarlle á poboación a posibilidade dunha practica deportiva continuada.
- 6) Fomentar o asociacionismo deportivo.
- 7) Acadar unha maior participación deportiva, en poboacións que presenten especiais dificultades de acceso á práctica deportiva, como consecuencia de distintas circunstancias, como a dispersión poboacional.
- 8) Promover e fomentar a mellora das instalacións deportivas de titularidade municipal, e a capacidade e as calidades das mesmas, para acoller as actividades que son propias do seu uso habitual.
- 9) Consolidar a existencia dunha rede de instalacións deportivas públicas que responda ás necesidades reais da poboación da provincia.
- 10) A accesibilidade da poboación a instalacións e espazos de prácticas deportivas adaptadas ás súas necesidades.
- 11) Apoiar ás entidades deportivas e á práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.
- 12) Propiciar a práctica deportiva da poboación da provincia.
- 13) Promover e fomentar un aumento da práctica deportiva da poboación que supoña un aumento do tempo de lecer saudable.
- 14) Axudar ás entidades deportivas e sociedades anónimas deportivas que desenvolvan a participación en competicións regulares oficiais.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXEJ4	Página	53/74



- 15) Apoiar as actividades e a participación dos clubs da provincia de Lugo en ligas ou campionatos oficiais de ámbito galego, estatal ou internacional.
- 16) A promoción e formación deportiva a través da promoción do deporte limpo e de maior repercusión social.
- 17) Axudar ás entidades deportivas que desenvolvan como actividade principal a participacións en competicións organizadas.
- 18) Axudar ás entidades que organicen eventos ou actividades deportivos.
- 19) A promoción e formación deportiva, con especial incidencia no deporte recreativo, deporte saudable e deporte autóctono e tradicional.
- 20) Acadar maior estabilidade na estrutura das entidades deportivas.
- 21) Desenvolver iniciativas novas ou de nova implantación na provincia, co fin de consolidar a práctica deportiva na provincia.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión.

Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan con esta área de actuación e liña.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrencia competitiva ou non competitiva, bolsas a deportistas individuais, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios canalizadores específicos para cada unha das actuacións específicas de subvención.

Seguimento e avaliación

Será realizada parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases da convocatoria das subvencións e/ou convenios canalizadores específicos.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	54/74



Indicadores

- 1) Aumento no porcentaxe de participación e no número de horas de práctica deportiva.
- 2) A diversidade na oferta deportiva, atendendo aos obxectivos antes indicados e o aumento da mesma.
- 3) A calidade no desenvolvemento das actividades.
- 4) Grao de deficiencia previa á intervención formulada.
- 5) Grao de financiamento con recursos propios.
- 6) Os ítems (indicados pola área de deportes) que permitan avaliar o nivel de aptitude da instalación á práctica deportiva.
- 7) A dispersión territorial da poboación.
- 8) Os principios de sostenibilidade e de eficacia e eficiencia na realización dos investimentos subvencionados.
- 9) Seguimento do plan de uso establecida das instalacións deportivas.
- 10) Compromiso destas entidades e deportistas coa promoción da práctica deportiva.
- 11) A conxugación de todos os itinerarios do deporte, desde a formación base, pasando pola competición até o alto rendemento deportivo, o que no seu conxunto cumpre un importante papel, entre outros, na formación educativa dos mozos e mozas nas respectivas disciplinas onde desenvolven a súa actividade
- 12) A incidencia sobre as funcións do deporte recoñecidas pola UE e as posibilidades de desenvolvemento local que presenten.
- 13) Seguimento daqueles ítems definidos dende a área de deportes.
- 14) Crecemento do asociacionismo e do número de participantes nas actividades.
- 15) Seguimento daqueles ítems definidos dende a área de deportes e establecidos no marco do convenio de colaboración.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	55/74



LIÑA 12.2 – ARTESANÍA E DESEÑO
Centro xestor

Centro de Artesanía e Deseño (CENTRAD)

Obxectivo estratéxico

Conservar, protexer e promover os sectores da artesanía e do deseño, a través de talleres, obradoiros e outras iniciativas de promoción da artesanía entre a cidadanía. Promoción, difusión e impulso da artesanía e do deseño.

Obxectivos específicos

- 1) Impulsar a realización de actividades e/ou actuacións nos sectores da artesanía e/ou do deseño, que contribúan a estimular e dinamizar estes sectores, impulsando o emprego e a formación, e tratando de recuperar e catalogar estas actividades, incorporando as novas tecnoloxías, na medida do posible.
- 2) Fomentar a realización de actuacións e/ou actividades nos sectores da artesanía e/ou do deseño, tratando de ampliar os produtos e servizos existentes no mercado, e potenciar a formación práctica e teórica, de tal xeito que se logre consolidar estes sectores mediante a súa profesionalización.
- 3) Estimular a formación tanto teórica como práctica, de tal xeito que favorezan o desenvolvemento económico-cultural dos sectores da artesanía e do deseño na provincia.
- 4) Promover a recuperación, a conservación e a innovación de produtos de artesanía e deseño a través de talleres, obradoiros, demostracións, etc.
- 5) Recuperar, conservar e promover as tradicións artesanais típicas da provincia de Lugo que quedaron en desuso.
- 6) Converter a artesanía e o deseño nunha actividade económica rendible, de forma que os artesáns se poidan adicar de forma profesional a dita actividade.
- 7) Acadar maiores niveis de cooperación e colaboración entre os axentes relacionados coa artesanía e o deseño.
- 8) Acadar unha marca propia que identifique a artesanía e o deseño lucense, e que contribuíra a unha mellor promoción da mesma.
- 9) Conservar, custodiar e por en valor a importante colección de instrumentos musicais que existe no CENTRAD, a través da súa promoción, difusión, así como a protección e promoción da música antiga e tradicional interpretada con instrumentos artesanais na provincia, promovendo estudos, proxectos, concertos ou diversas actividades relacionadas coa colección de instrumentos musicais do centro.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión.

Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan con esta área e liña de actuación.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXJE4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXJE4	Página	56/74



Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrencia competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios canalizadores específicos para cada unha das liñas específicas de subvención.

No plan de acción desta liña estratéxica, tamén se inclúen as liñas específicas de subvencións directas nominativas e excepcional plurianual.

Resulta acaído o sistema de bolsas.

Seguimento e avaliación

Será realizada parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases da convocatoria das subvencións e/ou convenios canalizadores específicos.

Ítems de seguimento: implicación dos e das axentes; cumprimento de calendarios; execución do gasto das actuacións; impacto das actuacións; equilibrio provincial e cohesión social; grao de consecución dos obxectivos.

Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais (ver Apartado 4 – Avaliación e seguimento: determinacións xerais)

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	57/74



13 - ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE

LIÑA 13.1 – AGRICULTURA, GANDEIRÍA E PESCA

Centro xestor

Área de Medio Rural, Mar e Mocidade

Obxectivo estratéxico

Contribuír á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a través da promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais.

A transformación, comercialización, promoción e posta en valor dos produtos do sector primario, con calidade diferenciada debe ser un dos obxectivos estratéxicos da área.

O fin último é o de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real de poboación no noso rural. Por tanto, fomentárase a implantación de políticas reais de desenvolvemento rural nas que os/as propios/as veciños/as nos trasladen as súas demandas e necesidades, de xeito que poidan emprender un xeito de vida digno e sostible no tempo, dende un punto de vista social, económico e medio ambiental. Crearanse as condicións necesarias no noso rural para que ese asentamento ou incorporación de xente nova á actividade agrogandeira poida ser sostible no tempo.

Obxectivos específicos

Execución de obras, equipamentos, investimentos, proxectos, programas, actividades e/ou actuacións que teñan algunha das seguintes finalidades:

Mellora da competitividade das granxas e explotacións agrogandeiras, forestais e pesqueiras, dos seus produtos e dos seus respectivos transformados ou elaborados

- 1) Mellora da estrutura das explotacións nos sectores afectados, a través do apoio ás inversións para a súa modernización e á incorporación das novas tecnoloxías ás mesmas, de cara á mellora das rendas e das condicións de traballo, e de calquera actuacións que redunden nunha maior viabilidade daquelas e no peche dos ciclos produtivos.
- 2) Promoción da innovación tecnolóxica e mellora da calidade e seguridade dos produtos agroalimentarios, mediante o establecemento de sistemas de certificación da mesma e da trazabilidade da cadea alimentaria, ou na introdución nas melloras de etiquetado e envasado destes produtos.
- 3) Incremento da dimensión territorial das explotacións e fomento das interrelacións mútuas, o que deriva no apoio ás actividades das asociacións e cooperativas na prestación de servizos ás explotacións, como o asesoramento en manexo, alimentación, reprodución, e sanidade animal e vexetal; o abastecemento de insumos e a comercialización de produtos, de maquinaria, de asesoramento e de substitución; así como ao establecemento de relacións estables entre produtores e industrias, por medio de accións de interese común.
- 4) Fomento das producións de calidade, en especial as ligadas á orixe ou ao modo de produción, o que contribuír á consolidación das producións básicas (carne, leite, viño, produtos da horta, etc...) e os seus transformados (queixo, iogur, licores ou bebidas embotelladas, produtos elaborados de cuarta gama, etc...).

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Página	58/74



- 5) Promoción e posta en valor dos nosos produtos agrícolas, forestais, gandeiros e do mar.
- 6) Oferta de aceso á formación continua e á potenciación dos cursos innovadores nas profesións dos amentados sectores, que sexan froito da planificación conxunta entre empresas, asociacións, cooperativas, entidades e a Deputación, a través de distintos métodos, e sen esquecer a relevante aportación que aos mesmos poden facer os traballadores de idade avanzada, con ampla experiencia nas distintas ocupacións. Poñerase a disposición dos agricultores/as e gandeiros/as as ferramentas necesarias para a súa formación, como base fundamental e indispensable para a profesionalización de sectores estratéxicos como a gandería extensiva (ovino e cabrún).
- 7) A educación e a concienciación é outro aspecto fundamental. Coa promoción de accións encamiñadas a que os mozos/as do rural adquiren unha maior autoestima, preténdese inverter a idea que teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar. A maior parte da sociedade entendía o rural como un espazo ao que ir na fin de semana que conserva valores tradicionais e naturais moi importantes. Pero por desgraza, a visión actual dos espazos rurais é negativa e problemática, e temos que tender a mudala antes que sexa demasiado tarde. Programas de visitas guiadas dende os centros escolares ata as granxas permitirán dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos/as agricultores/as con visitas guiadas dos rapaces das escolas, para que poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade, do territorio, da paisaxe e da tradición agraria, como elemento identitario da nosa cultura. Temos que alonxar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lle transmiten ás xeracións vindeiras.

Apoio á sustentabilidade, diversificación e multifuncionalidade dos sectores agrario, gandeiro, forestal e pesqueiro

- 1) Fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións agrarias artesanais e/ou tradicionais, que permitan xerar ingresos por rendas complementarias ao fronte das granxas.
- 2) Creación dunha plataforma de promoción e apoio aos pequenos/as agricultores/as e gandeiros/as locais que poidan ofrecer os seus produtos agroalimentarios e artesanais, de excelente calidade diferenciada e contrastada, directamente ao consumidor final con todas as garantías sanitarias, como punto de partida para xerar un valor engadido que asegure unha renda xusta e digna polo seu traballo. Igualmente estableceremos convenios de apoio á promoción destes alimentos diferenciados.
- 3) Axudas á posta en valor, recuperación e difusión das feiras e mercados tradicionais coa posta en valor das canais curtas de distribución e dos mercados locais, que permitan distribuír e vender estas pequenas producións locais entre estes grupos de consumo próximo, co fin de reducir a pegada de carbono e que sexan sostibles no tempo.
- 4) Apoio á xeración dos valores públicos creados pola actividade agraria, por medio do establecemento de contratos de agricultura sustentable baseados en compromisos ambientais, territoriais e sociais das explotacións implicadas, e do fomento da produción ecolóxica.
- 5) Fomento da concienciación ambiental e a agricultura, gandería e pesca sustentables.
- 6) Protección e desenvolvemento dos recursos marítimo-pesqueiros, no marco dun sector pesqueiro sustentable e do fomento da economía circular.
- 7) Contribución de xeito sustentable á mellora da xestión ou conservación dos recursos pesqueiros.
- 8) Fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións dos nosos montes: apicultura, setas e cogumelos, aproveitamentos resinosos, madeira, aproveitamento silvopastoril con gandería extensiva: cabalar, vacún, ovina, cabrúa, porcina, etc...
- 9) Fomento do desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras, a través do apoio a proxectos de pesca-turismo (reconversión de barcos, promoción turística da pesca de baixura, etc.), ao estudo e posta en funcionamento de reservas mariñas, elaboración de plans conxuntos de xestión e comercialización e á calquera tipo de actividades que redunden na concienciación medioambiental.
- 10) O respecto medioambiental e polo entorno que nos rodea no ámbito rural tamén nos conduce a establecer programas de colaboración cos concellos da provincia para a posta en marcha de plans e proxectos que incidan no respecto e posta en valor do noso patrimonio natural e histórico como motor de

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXXEJ4	Página	59/74



outros sectores, como o turístico, e que permiten incidir na fixación de poboación no rural. Proxectos como os composteiros mancomunados permiten fomentar as bases de economía circular e pechar o ciclo de residuos como as podas e restos vexetais da limpeza de áreas verdes, que deste xeito voltan a ser reutilizados ao introducilos no ciclo de vida como fertilizantes agrarios.

Promoción da diversificación económica, da rehabilitación e consolidación dos amentados sectores, e da mellora da calidade de vida nas zonas rurais

- 1) Redución ou minimización dos problemas da crise demográfica existentes en gran parte do territorio rural da provincia, e que están ligados ás limitacións na xeración de valor pola agricultura, a gandería e a pesca, e que precisan dunha diversificación e xeración de novas actividades nestas zonas, que melloren a calidade e condicións de vida nas mesmas.
- 2) Impulso de programas para a creación de bancos de explotacións agrarias e bancos de casas en venta ou aluguer nos concellos con peores condicións demográficas da provincia de Lugo, que permita poñer en coñecemento dos/as interesados/as, as diferentes opcións que dispoñen para instalarse e/ou asentarse coas súas respectivas familias.
- 3) Ampliación dos produtos e servizos existentes no mercado, fomentando a diversificación da produción, a recuperación de razas e produtos tradicionais, e a potenciación dos produtos autóctonos a través dos consellos reguladores e as denominacións de orixe, contribuíndo deste xeito á mellora do posicionamento no mercado dos produtos con distintivo de calidade.
- 4) Desenvolvemento de vínculos entre o mundo do traballo, a educación e a formación (a través de ciclos de conferencias ou visitas guiadas en centros educativos, asociacións veciñais e asociacións empresariais, entre outros), o que garantirá a incorporación de novos agricultores, gandeiros e pescadores, e o relevo xeracional.
- 5) Promoción de actuacións experimentais, en escolas obradoiro e casas de oficios, en actividades de utilidade pública e interese social, especialmente nas que contribúan a rehabilitar as profesións dos sectores agrario, gandeiro, forestal e pesqueiro.
- 6) Xeración de alternativas ao abandono da actividade nos devanditos sectores, fomentando o asociacionismo, as novas vías de comercialización dos produtos e calquera actuación que redunde naquel obxectivo e na promoción do relevo xeracional, que se levará a cabo, entre outros, a través do apoio a programas de instalación dos mozos.
- 7) Apoio ás accións formativas específicas das profesións relacionadas cos sectores citados, que contribúan á consolidación dos mesmos e á profesionalización dos seus membros.

Mellora da xestión das terras por medio da ordenación de usos, a redución das abandonadas e a ampliación da dimensión territorial das explotacións

- 1) A ordenación do territorio é unha materia pendente. Son imprescindibles programas de mantemento da superficie agraria útil e a recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento de desbroce ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares, que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes.
- 2) Faise necesario tamén o apoio directo ás comunidades de montes veciñais en man común, xa que os montes veciñais en man común son unha oportunidade de desenvolvemento. Resulta chocante que nun país onde o 23% do territorio é comunal, a porcentaxe de persoas que saben como funcionan as comunidades de montes é ínfima. Queremos emprender un plan de formación e información para contrarrestar esta tendencia.
- 3) Apoio á planificación forestal, á xestión ordenada dos usos e actividades no rural, á comercialización da madeira polos produtores, e aos sistemas de certificación forestal; así como fomento do cumprimento da normativa en materia de ordenación dos arboreados, e da mellora destas superficies a través de distintos mecanismos, como o impulso da recuperación de especies autóctonas, a recuperación de terreos

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJE4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJE4	Página	60/74



- abandonados, ou o apoio a asociacións para a súa xestión en común, todo o cal contribuirá á superación do minifundismo e a evitar o abandono, en parte, da superficie forestal.
- 4) Promoción da mobilidade produtiva das terras agrarias, a través do fomento dos arrendamentos rústicos como xeito de promover a ampliación da superficie das explotacións e a transferencia produtiva das terras, e da constitución de Bancos ou Fondos Públicos de terras nos concellos.
 - 5) Fomento do aproveitamento enerxético das terras agrarias, a través da promoción de cultivos enerxéticos que deriven nunha nova utilización daquelas, e a utilización da biomasa da matogueira e dos residuos forestais como modo de valorización e de prevención de incendios.
 - 6) Redución do risco de incendios forestais por medio de accións que promovan unha maior utilización do monte, coa realización de labores de prevención e infraestruturas de defensa, tales como as franxas de protección; así como mediante o establecemento de sistemas agroforestais por combinación de producións forestais e gandeiras.

Prazo de execución

Con carácter xeral, o prazo de execución será o exercicio económico no que a subvención foi concedida, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, o que dará lugar a subvención de carácter plurianual, sendo, en todo caso, reflectida esta circunstancia (definindo o prazo de execución) na resolución de concesión ou no convenio canalizador.

Custes económicos previsibles

Os previstos nas aplicacións orzamentarias do Orzamento Xeral vixente da entidade en cada exercicio económico, e que se correspondan e/ou encaixen con esta área e liña de actuación.

Fontes de financiamento

Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrència competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios específicos para cada unha das liñas específicas de subvención que a canalicen.

No plan de acción desta liña estratéxica, inclúense, igualmente, as actuacións específicas de subvencións directas nominativas e excepcionais plurianuais.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases da convocatoria das subvencións e/ou convenios canalizadores específicos.

Analizarase no informe de avaliación a elaborar, se estas accións tiveron repercusión no asentamento de poboación no rural ou, cando menos, contribuíron a loitar contra o despoboamento.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJE4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJE4	Página	61/74



Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais (ver Apartado 4 – Avaliación e seguimento: determinacións xerais).
Incorpórase o impacto sobre o asentamento de poboación no rural e o modo de combater a crise demográfica, con especial incidencia en boa parte do territorio rural.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	62/74



LIÑA 13.2 – MOCIDADE
Centro xestor

Servizo de Deportes e Mocidade.

Obxectivo estratéxico

Contribuír ao libre desenvolvemento da personalidade dos e as mozas da provincia, a través da promoción da súa autonomía, da dinamización e apoio ao seu asociacionismo, do favorecemento do seu acceso á formación, á información e á orientación en tódolos ámbitos e a tódalas idades, especialmente no que aos e as mozas do medio rural se refire, incidindo nos colectivos máis desfavorecidos.

Fomento dos hábitos de vida saudables, entendendo a saúde como o benestar físico, moral e intelectual das persoas, incidindo no aproveitamento óptimo dos recursos públicos destinados á mocidade, e garantindo a dispoñibilidade de recursos e oportunidades, mediante axudas para o apoio e colaboración no gasto corrente e nos investimentos.

Obxectivos específicos

- 1) Contribuír ao desenvolvemento social da provincia.
- 2) Impulsar proxectos integrados para aumentar e mellorar o capital humano, a través dunha mellor educación e adquisición de competencias, impulsando a difusión de coñecementos prácticos en materia de tecnoloxías da información, así como a loita contra o abandono escolar prematuro.
- 3) Favorecer o éxito escolar e potenciar tanto a atención á diversidade do alumnado como a integración do mesmo, con un plan integral que teña en conta as diferenzas por centros segundo a súa localización (por exemplo, colaborar con centros educativos do rural en todo ao que facilitar o acceso aos centros de ensinanza se refire, potenciar as clases de reforzo escolar e de integración dos colectivos menos favorecidos, etc.).
- 4) Fomentar a educación en valores, convocando anualmente premios ou axudas a proxectos educativos (por exemplo, aos mellores currículos en zonas rurais, premios á educación viaria ou axudas a proxectos de educación ambiental, buscando a colaboración das principais entidades e empresas da provincia).
- 5) Promover e organizar cursos de idiomas e novas tecnoloxías da información das áreas menos favorecidas, en colaboración coas escolas oficiais de idiomas ou coa Universidade. Impartir cursos de idiomas utilizando a colaboración dos centros educativos da comarca, axeitados á poboación de cada zona.
- 6) Promover encontros de orientadores educativos e laborais nas escolas, para mellorar as estratexias de actuación que orienten aos máis novos nas súas decisións formativas e profesionais, especialmente no medio rural, potenciando a posta en valor das explotacións agrarias, gandeiras e forestais.
- 7) Desenvolver vínculos entre o mundo do traballo, a educación, a formación e a investigación (tales como ciclos de conferencias en centros educativos, centros universitarios, asociacións veciñais e asociacións empresariais sobre coñecemento mutuo, froito do cal podería concluírse un novo plan de formación máis adaptado ás necesidades reais da mocidade).
- 8) Prever posibles situacións de desprotección, e promover a participación e a autonomía dos mozos e das mozas.
- 9) Apoiar a aquelas entidades e asociacións que realicen actividades, programas e actuacións destinadas ao desenvolvemento persoal dos mozos, como parte importante do futuro da sociedade, articulando axudas destinadas a atender as súas necesidades concretas de formación e ocio.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	63/74



- 10) Apoio de todas aquelas actividades e programas que potencien o asociacionismo, a formación e a actividade xuvenil.
- 11) Fortalecer as accións locais, aproveitando os recursos humanos e as capacidades e habilidades que pode achegar a poboación xuvenil.

Prazo de execución

Con carácter xeral, o prazo de execución será o exercicio económico no que a subvención foi concedida, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, o que dará lugar a subvención de carácter plurianual, sendo, en todo caso, reflectida esta circunstancia (definindo o prazo de execución) na resolución de concesión e/ou no convenio canalizador.

Custes económicos

Os previstos nas aplicacións orzamentarias do Orzamento Xeral vixente da entidade en cada exercicio económico, e que se correspondan e/ou encaixen con esta área e liña de actuación.

Fontes de financiamento

Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrência competitiva ou non competitiva, ou concesión de bolsas na forma que se determina na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios específicos para cada unha das liñas específicas de subvención que a canalicen.

No plan de acción desta liña estratéxica, inclúense, igualmente, as actuacións específicas de subvencións directas nominativas e excepcionais plurianuais.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases da convocatoria de subvencións e/ou convenios canalizadores específicos.

Ítems específicos de seguimento: implicación dos e as axentes; cumprimento de calendarios; execución do gasto das actuacións; impacto das actuacións; equilibrio provincial e cohesión social; grao de consecución dos obxectivos.

Indicadores

Utilizaranse os indicadores xerais (ver Apartado 4 – Avaliación e seguimento: determinacións xerais)

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXJEJ4	Página	64/74



Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	65/74



14 - ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

LIÑA 14.1 – CULTURA

Centro xestor

Servizo de Cultura

Obxectivo estratéxico

Satisfacer as demandas culturais do conxunto da cidadanía e a potenciación e conservación da cultura en todas as súas vertentes

Obxectivos específicos

- 1) Apoiar ás entidades culturais da provincia, que son referente na participación e difusión cultural da provincia.
- 2) A consolidación social das actividades culturais de especial relevancia provincial.
- 3) Axudar ao desenvolvemento de actividades de interese cultural, de carácter permanente e puntual.
- 4) O aumento da participación da mocidade nas actividades culturais e no asociacionismo de carácter cultural.
- 5) A potenciación do patrimonio material e inmaterial de Galiza, a súa historia, idioma, música e tradicións como eixe das actividades culturais da provincia.
- 6) A consolidación de itinerarios culturais.
- 7) Desenvolver as actividades culturais nos concellos e noutras Administracións Públicas nas mellores condicións e cos medios materiais axeitados.
- 8) Promover a organización de actividades e eventos culturais.
- 9) Fomentar a participación do cidadán nas actividades culturais e no tecido asociativo de carácter cultural.
- 10) Acadar unha potenciación do patrimonio material e inmaterial de Galiza, a súa historia, idioma, música e tradicións como eixo das actividades culturais da provincia.
- 11) Desenvolver actuacións que permitan a accesibilidade da poboación ás actividades culturais con carácter continuado.
- 12) Acadar unha maior participación e implicación da poboación na actividade cultural, co obxecto de transmitir ás vindeiras xeracións os usos, costumes e tradicións devanceiras.
- 13) Desenvolver actuacións que permitan a dotación e mellora de equipamentos culturais, a adquisición, a construción, a mellora, o acondicionamento ou a reforma das instalacións culturais das entidades, asociacións e institucións de carácter cultural.
- 14) Posibilitar a realización das actividades culturais co maior grao de calidade posible e cos medios materiais axeitados.
- 15) Desenvolver actuacións que permitan a recuperación do patrimonio histórico-artístico da provincia, cuxos efectos a perseguir sexan a conservación, a reparación ou o mantemento do mencionado patrimonio.
- 16) Proporcionar unha formación de carácter práctica que, engadida á formación académica, esencialmente teórica, contribúa a completar esta última.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXJE4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXJE4	Página	66/74



- 17) Aumentar a especialización e a formación práctica no eido da cultura.
- 18) Promover o apoio a actividades de estudo e de ensinanzas universitarias ou de fomento da cultural que precisan de continuidade no tempo para o seu desenvolvemento.
- 19) Promover á poboación ao aceso á cultura e ao ensino.

Prazo de execución

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención, podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar, isto é, subvención con carácter plurianual, sendo en todo caso, reflectido o prazo de execución na resolución da concesión ou no convenio canalizador.

Custos económicos

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade e que se correspondan con esta área e liña de actuación.

Fontes de financiamento

Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e nas liñas de actuacións específicas que efectivamente se desenvolvan, en función dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión

Concesión directa (nominativa e/ou de carácter excepcional), concorrência competitiva ou non competitiva, na forma que se determine na correspondente convocatoria, e dentro dos límites orzamentarios.

Plan de acción

O plan de acción para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das liñas específicas de subvención que a canalicen.

No plan de acción desta liña estratéxica tamén se inclúen as actuacións específicas de subvencións directas nominativas e excepcionais plurianuais.

Seguimento e avaliación

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases reguladoras das subvencións e/ou convenios de colaboración específicos canalizadores.

Tamén artellaranse mecanismos técnicos de seguimento e avaliación para medir o impacto das distintas accións de fomento encadradas nesta liña, ao fin de integrarse no informe de avaliación definitivo, como son:

- a) Implicación dos e das axentes.
- b) Cumprimento do cronograma de actuación.
- c) Execución do gasto das actuacións.
- d) Impacto das actuacións.
- e) Equilibrio provincial e cohesión social.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	67/74



- f) Grao de consecución dos obxectivos.

Indicadores

Utilizaranse os seguintes indicadores específicos:

- 1) A implicación social e a singularidade das actuacións.
- 2) A evolución das actividades culturais de referencia, o seu impacto e a capacidade de dinamización no entorno no que se desenvolven.
- 3) O incremento do asociacionismo cultural e a súa incidencia na mocidade.
- 4) O emprego da cultura como vehículo de desenvolvemento social.
- 5) O fomento da programación cultural municipal.
- 6) Os equipamentos culturais municipais preexistentes.
- 7) As características e a repercusión social do proxecto.
- 8) O interese e calidade da actividade.
- 9) A utilización de recursos culturais e histórico-artísticos da provincia.
- 10) O uso e difusión do galego e a difusión dos valores culturais das comarcas lucenses.
- 11) O grao de consolidación territorial da oferta pública e do tecido asociativo.
- 12) O aumento na porcentaxe de participación de usuarios e no volume de actividades socioculturais.
- 13) A prioridade e a repercusión social dos proxectos de recuperación a desenvolver e o seu impacto sobre a promoción cultural.
- 14) O seguimento daqueles ítems definidos dende a Área de Cultura.
- 15) A formación académica e o acceso ao ensino.

Actuacións específicas

Indicadas no ANEXO I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios

Estarase ao disposto no Apartado 11 deste Plan, relativo á condición dos beneficiarios das subvencións.

En canto aos beneficiarios das subvencións directas nominativas e directas excepcionais plurianuais concedidas en exercicios anteriores (de existir), serán as entidades ou persoas que figuren como perceptores no orzamento aprobado en cada anualidade, e que figuran no ANEXO I, que se aprobará e incorporará para cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXXEJ4	Página	68/74



7 – SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN CONTÍNUA

Como se especificou anteriormente, para cada unha das liñas de subvención das respectivas áreas organizativas, o centro xestor responsable, deberá realizar un seguimento e avaliación contínua das mesmas, a través do cal verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas, e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras. Será a través da conta xustificativa ou documento análogo, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases da convocatoria das subvencións e/ou os convenios canalizadores específicos.

7.1 – RESULTADOS DA AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓN DE EJERCICIOS ECONÓMICOS PRECEDENTES

Darase conta do mesmo á Xunta de Goberno, e incorporárase un anexo a este plan, co resultado do informe de avaliación de cada un dos exercicios precedentes, unha vez que se dispoña do mesmo, dado o carácter plurianual deste plan estratéxico.

8 - SUBVENCIÓN DE CARÁCTER PLURIANUAL

De acordo co contido deste plan estratéxico e a súa duración, cabe a concesión de subvencións de carácter plurianual, coas limitacións de gasto fixadas na lexislación de facendas locais e as bases de execución orzamentaria. Salvo excepción expresa para algunha das liñas deste Plan, caberá a tramitación e concesión de subvencións de carácter plurianual, con sometemento ás condicións específicas das subvencións nominativas.

9 - CALENDARIO DE ACTUACIÓN

A efectos do cumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, é importante acompañar o emprego dos recursos públicos, axustando os tempos cos mesmos criterios nas distintas anualidades, evitando que nunha anualidade se xustifiquen subvencións por importe maior ao previsto no orzamento, e por iso, é recomendable prever un calendario a seguir, orientativo, como unha pauta de boa administración.

9.1 – CALENDARIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

1) Subvencións directas de carácter nominativo:

No primeiro trimestre de cada ano, se estiver aprobado o orzamento desa anualidade. No caso de aprobarse con posterioridade, no prazo máximo dun mes desde que entre en vigor. Seguirase o mesmo criterio para aqueles supostos de modificacións do orzamento con incidencia en novas subvencións directas nominativas.

Requirirase ao beneficiario para que, no prazo de dez días, achegue a documentación precisa para iniciar a tramitación da subvención, indicándolle que, de non facelo, considerárase que renuncia á mesma, procedendo ao arquivo do expediente.

Durante o segundo trimestre de cada ano, ou a mais tardar, no segundo mes posterior á entrada en vigor do orzamento, procurarase aprobar a concesión da subvención e asinar o correspondente convenio.

En todo caso, estas tramitacións deberían permitir a xustificación destas subvencións dentro dos prazos estipulados.

2) Subvencións directas de carácter excepcional:

A Concesión realizarase ao longo de cada exercicio, evitando polo menos o derradeiro mes do ano.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Página	69/74



3) Subvencións en réxime de concorrencia competitiva ou non competitiva:

A aprobación e publicación das bases reguladoras realizarase no primeiro trimestre do ano, ou con posterioridade, dentro dos tres meses seguintes á vixencia do orzamento, ou das súas modificacións.

A concesión das subvencións realizarase, no segundo e terceiro trimestre do ano.

9.2 – CALENDARIO PARA A XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONES

En canto ao procedemento de xustificación, con carácter xeral, o prazo límite fíxase no primeiro trimestre do ano seguinte ao da súa concesión. En casos xustificados, e sempre que a normativa orzamentaria o permita, poderá retrasarse puntualmente esa xustificación, especialmente se o retraso procede de tramitacións e/ou autorizacións ante outras entidades e administrativas, e polo tanto, fóra do ámbito da vontade e dispoñibilidade dos beneficiarios.

9.3 – CALENDARIO PARA REALIZAR OS ANTICIPOS E PAGOS DAS SUBVENCIONES

En canto ao pago, con carácter xeral, agás anticipos, procurarase realizar o mesmo antes de finalizar o ano seguinte ao da súa concesión.

Cabe a concesión de anticipos, que será concretada en cada actuación (nas bases da convocatoria ou nos convenios que artellen a correspondente axuda subvencional). Esta concesión de anticipos intentarase acompañar ao grado de execución da actividade subvencionada para facilitar aos beneficiarios que cumpran os compromisos económicos asumidos.

9.4 – CALENDARIO PARA A AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONES

Para a avaliación do Plan Estratégico de Subvencións establécese a data do segundo semestre posterior á concesión das subvencións, podendo estenderse á anualidade posterior, no que atinxe á integración no documento conxunto de avaliación.

10 - MECANISMOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN

10.1 - MECANISMOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN

Durante o primeiro semestre de cada anualidade, cada unha das áreas nas que se encaixan as liñas de subvención, emitirá un informe sobre o grao de execución do Plan, dende a perspectiva técnica e económico-financeira, así como sobre os obxectivos acadados e as principais incidencias detectadas, cunha avaliación provisional, con expresión do número de subvencións concedidas, os seus beneficiarios e o procedemento de concesión, que poderá ser tida en conta para a elaboración do seguinte Plan Estratégico.

Estes informes relacionarán os indicadores, en sentido de número e de fondo ou material, cos obxectivos de cada liña e grao de consecución e satisfacción, podendo chegar a empregar enquisas de satisfacción das persoas ou entidades que interveñan na relación subvencional.

A avaliación definitiva da execución do Plan realizarase no segundo semestre de cada anualidade, previa a avaliación provisional referida no parágrafo anterior, a partir da elaboración dun informe dos distintos servizos, centralizado no Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento, e supervisado pola Secretaría Xeral e a Intervención, no que se recollerá, de xeito sistematizado, a información relativa aos procedementos de concesión de subvencións tramitados, así como aos procedementos de xustificación, sinalando as principais incidencias detectadas, e formulando as recomendacións que se consideren oportunas. O informe visualizará, en comparanza, as porcentaxes de subvencións outorgadas por cada un dos procedementos existentes, en relación co volume económico das subvencións outorgadas en cada anualidade.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXJEJ4	Página	70/74



Este informe tamén, pronunciarase sobre os obxectivos acadados con cada unha das accións impulsadas dentro de cada liña, e polo tanto, constatar o retorno producido no interese xeral polos fondos aplicados.

As conclusións ou recomendacións teranse en conta para a elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións seguinte.

A información que se obteña da “avaliación de exercicios precedentes” será considerada a efectos de introducir modificacións e/ou actualizacións durante a vixencia deste Plan Estratéxico de Subvencións, e nos seguintes que se aproben.

10.2 - PLAN DE AUDITORÍA

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual, que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1) Comprobar a execución polos beneficiarios, das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2) Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
- 3) Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

O órgano competente para a aprobación do Plan de Auditoría anual será a Xunta de Goberno Provincial.

11 - BENEFICIARIOS DE SUBVENCIONES

Aplicarase, en todo caso, o artigo 11 da Lei Xeral de Subvencións e no seu desenvolvemento. Cando se prevea especificamente nas bases de cada convocatoria ou no convenio que instrumente a axuda, poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, as actividades ou os comportamentos, ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Nomeadamente e, en función dos obxectivos de cada liña, grupos de investigación, entidades de economía social, comunidades de natureza románica ou xermánica propias da organización civil de Galicia como a veciña, comunidade de propietarios de equipamentos de uso colectivo, aínda que sexan de titularidade privada, grupos de persoas concesionarias ou usuarias de abastecementos de auga; e, semellantes.

En calquera caso, en cada convocatoria ou convenio, dentro do marco legal e a natureza e os fins de cada liña de subvencións, concretarase o beneficiario da respectiva subvención.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGCCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGCCXXEJ4	Página	71/74



12 - DETERMINACIÓN SOBRE CONTÍAS DAS SUBVENCIONES CON CARGO A ESTE PLAN ESTRATÉGICO

12.1 - IMPORTE MÍNIMO NA CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Fíxase un importe mínimo a subvencionar de **300,00€** para cada actividade ou investimento, co obxecto de que a concesión da subvención xere o efecto multiplicador esperado, evite as renuncias das subvencións por imposibilidade financeira, e resulte eficiente tanto para a Deputación como para os beneficiarios; tendo en conta que unha subvención xera unha actividade administrativa co seu correspondente custo, e ademais unha serie de cargas de deberes e obrigas que debe asumir o beneficiario.

12.2 – FONTES E LÍMITES NO FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE OU INVESTIMENTO

A acción de fomento ven a ser un complemento no financiamento dunha actividade ou investimento, e pola súa natureza, non debe financiar o 100% da actividade ou investimento. Do mesmo xeito que á Administración Pública se lle esixe unha achega de recursos propios nas actividades e investimentos subvencionados, ésta debe esixilos aos seus beneficiarios (corresponsabilidade fiscal).

Polo tanto, debe esixirse ao beneficiario da subvención, que inclúa na súa solicitude unha porcentaxe de recursos propios que se compromete a realizar, en función do gasto total da actividade ou investimento, agás casos excepcionais, que requirirán a correspondente motivación.

Tomarase como orientativo o financiamento do **5%** do custo total da actividade, podéndose computar nesa porcentaxe, de forma xustificada, cuantificada e demostrada, a achega de medios materiais propios e man de obra propia da entidade beneficiaria.

No caso de que a acción concreta subvencionada, en calquera das liñas e actuacións deste Plan Estratégico de Subvencións, conte con fontes de financiamento procedentes doutras administracións públicas ou entidades, públicas ou privadas, en ningún caso, a suma de tales achegas e a propia do beneficiario, superarán o custo total da actividade subvencionada.

En casos excepcionais, de especiais dificultades económicas das persoas ou entidades beneficiarias, como sucede en supostos de cooperación internacional, bolseiros, persoas en situación de exclusión social, agrupacións de persoas sen personalidade xurídica, liñas e accións de marcado carácter social, entre outras, poderá eximirse da obriga de achegar unha porcentaxe de financiamento mínimo con fondos propios.

Como límite xeral, as propostas de establecemento de subvencións supeditanse ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e aos créditos aprobados no Orzamento Xeral para cada anualidade.

13 - PROCEDIMENTOS DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES

Cumprindo co establecido no artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nas Bases de execución do orzamento desta Deputación Provincial, as subvencións encadradas neste Plan Estratégico serán outorgadas a través dos seguintes procedementos:

1) En réxime de concorrencia competitiva.

A concorrencia competitiva será o procedemento ordinario de concesión, e que se corresponde con aquel no que, a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	72/74



2) *En réxime de concorrencia non competitiva.*

Que se poderá aplicar naqueles supostos en que pola natureza da axuda, non se teñan que valorar as solicitudes en función de criterios previamente fixados, sen prexuízo de que se poidan establecer prelacións nos importes dos beneficiarios, que o serían polo cumprimento de condicionantes ou requisitos obxectivos e apreciables automaticamente.

3) **Concesión directa**, no que unicamente poderá facerse uso no seguinte tipo de subvencións:

- a. *As previstas nominativamente nos orzamentos anuais da Deputación de Lugo*, que se incorporarán automaticamente á área e liña que corresponda deste plan estratéxico, en función dos obxectivos, e incardinando aqueles fins coas definicións da estrutura orzamentaria.

A consignación nominativa no orzamento inicial ou nas súas modificacións, non suporá ningún dereito subxectivo para os beneficiarios.

- b. *Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Deputación de Lugo por unha norma de rango legal*, e que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación, de acordo coa súa propia normativa.

- c. *As subvencións para remediar situacións de emerxencia ou de urxencia*, cando estas situacións sexan incompatibles co trámite de publicidade.

- d. *Con carácter excepcional*, para aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A través deste procedemento trátase de subvencionar a execución de proxectos, a realización de actividades ou a adopción de comportamentos singulares, xa realizados ou por desenvolver por parte dos beneficiarios. Ditos proxectos, actividades ou comportamentos deben contribuír á consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos no presente plan, en calquera das súas liñas, e nas que razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas, dificulten a súa convocatoria pública e a comparación con outros proxectos ou actividades.

En todo caso, a concesión a través deste procedemento realizarase previa solicitude do beneficiario, na que deberá constar o cumprimento dos requisitos esixidos para obter tal condición, e que o proxecto, a actividade ou o comportamento obxecto da subvención encaixa dentro dalgunha das áreas e liñas do presente plan.

13.1 - LÍMITE NA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EXCEPCIONAIS

Establécese un límite do **15%** na concesión de subvencións con carácter excepcional, sobre a contía inicialmente prevista, para a concesión de subvencións no Plan Estratéxico de Subvención do período 2020-2022. A estes efectos, non se consideran as subvencións plurianuais, nin aquelas cuxo obxecto sexa a execución de investimentos, nin as financiadas por modificacións de crédito e con remanente de Tesourería.

Excepcionalmente, poderase incrementar esta porcentaxe cando existan razóns debidamente xustificadas, de índole humanitario, económico ou social, de tal magnitude que fagan necesario tal aumento, que deberá ser apreciado polo órgano competente para a súa concesión.

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTW4NUNGGCXXEJ4	Página	73/74



14 - CRITERIO PARA A AMPLIACIÓN DO PLAN

Non obstante, o exposto en cada unha das liñas de actuación, os procedementos de concesión de subvencións, en calquera das súas modalidades (agás as subvencións nominativas), poderán ser ampliados no tempo e na contía, sen necesidade de modificación do Plan Estratéxico, sempre que exista consignación orzamentaria e se refira a unha das liñas de actuación contidas no plan.

15 - APLICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO AOS ORGANISMOS E ENTIDADES DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN

De conformidade co previsto no artigo 11 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os organismos e entidades dependentes da Deputación Provincial de Lugo poderán tomar como referencia este Plan Estratéxico de Subvencións, no caso de que concedan algunha axuda coa natureza xurídica de subvención.

16 - INCORPORACIÓN DE ANEXOS

As actualizacións do Plan que se produzan como consecuencia dos acordos corporativos sobre subvencións nominativas e liñas e actuacións específicas, coa correspondente estimación de custes e recursos financeiros aplicables en cada exercicio, previas as tramitacións oportunas, iranse incorporando a este plan estratéxico, a medio de anexos, coherentes co dinamismo e a vitalidade deste documento, e cunha información estruturada, comprensible e transparente da acción de fomento do ente provincial.

A estes efectos e como información inicial para o ano 2020 incorpórase o ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para esa anualidade.

Lugo, asinado documentalmente na data que consta no pe de páxina

O Xefe do Servizo de Contratación e Fomento.
Asdo.: José Domingo Rodríguez Ferreira

“O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019
O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL
Asdo.: Pablo Rivera Capón”

Código Seguro de Verificación	IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXJE4	Fecha y Hora	25/03/2020 13:08:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)null)		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV666WZTDZJTWT4NUNGGCXJE4	Página	74/74

